

# O Cineclube Padre Feijoo entre 1995 e 2010

Henrique Torreiro



**O Cineclub Padre Feijoo entre 1995 e 2010**

**HENRIQUE TORREIRO**

## **O Cineclube Padre Feijoo entre 1995 e 2010**

**HENRIQUE TORREIRO**

Edición dixital, non venal

1.ª edición: marzo de 2023

Deseño e maquetación do autor

© das ilustracións da páxina 7: Rober Vázquez Araújo. O *muckup* da páxina 11 está deseñado por yeven\_popov / Freepik.

Esta obra distribúese ao abeiro dunha licenza Creative Commons CC BY-NC-ND 3.0 ES (<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/es/deed.gl>). Pode compartirse, coa atribución necesaria e sen fins comerciais, e non se pode facer obra derivada (coa excepción do caso dos anexos).

Para contactar co autor: [info@htorreiro.gal](mailto:info@htorreiro.gal)

|   |    |
|---|----|
| O Cineclube Padre Feijoo entre 1995 e 2010  | 5  |
| ANEXO I: Memorias do Cineclube Padre Feijoo | 39 |
| ANEXO II: Proxecto «Cine Concello»          | 75 |
| <i>Sobre o autor</i>                        | 83 |



## O Cineclube Padre Feijoo entre 1995 e 2010

HENRIQUE TORREIRO

En 2020 celebráronse os cincuenta anos do Cineclube Padre Feijoo. Poderíamos dicir que a entidade entrou, así, nun marco reservado ás institucións respectadas por toda a sociedade: medio século confire un avoengo que poucas entidades poden ter. Dado que a realidade é máis teimuda que todo iso, e que o Cineclube se enfrenta, a pesar do moito avanzado neste tempo, a problemas que veu arrastrando todos estes anos (nomeadamente, o dunha sala estable en que realizar as actividades, porque o futuro do edificio da Casa da Cultura segue en cuestión, aínda que o recente convenio para a utilización regular do Teatro Principal supón un innegable paso adiante), gustaríame deixar algunhas reflexións sobre a miña experiencia como parte da súa directiva durante catorce anos.

Trátanse duns apuntamentos persoais, non demasiado ordenados, que completo cuns anexos con documentación sobre estes anos. Considero que dar a coñecer diversos aspectos da intrahistoria desta época pode botar luz sobre as dinámicas socioculturais dese momento e talvez servir como reflexión sobre o presente e o futuro do Cineclube, e tamén o doutras iniciativas de base.

### Prolegómenos

Eu son da quinta do 1972, polo que o meu contacto co Cineclube é, escuso dicilo, moi posterior á súa creación. Como institución imbricada na vida social da cidade, son moitos os puntos de referencia que fun tendo ao longo da miña infancia e xuventude, aínda que, como moitos ourensáns, o meu primeiro contacto foi (sen sabelo) a través das proxeccións de cinema infantil que se realizaban —se non lembro mal, os venres pola tarde— no salón de actos da Biblioteca Pública; curiosamente, non foron filmes que me marcasen, e ao mellor por iso non fun un habitual daquela actividade. En cambio, si era un fanático das proxeccións que facían (aínda que tampouco era moi consciente de que o facían eles) para o

Concello nas Festas do Corpus: era unha actividade con moito éxito, na que eu descubrín moitas importantes películas do cinema popular, nun ambiente especialmente festivo e de xenuína vivencia colectiva de emocións. O meu interese polo cinema foi incrementándose cos anos, a atracción na época do bacharelato xa foi moita, pero cando realmente sentín toda a paixón polo tipo de cinema que ofrecía o Cineclube foi na época universitaria, na que seguía a súa actividade de lonxe, sen poder asistir ás sesións, porque durante a semana vivía na Coruña e soamente podía acudir a elas en raras ocasións. Cando no ano 1994 volví a Ourense, aproveitei para non perder ningunha das proxeccións, e, finalmente, poucos meses despois acabei formando parte da súa directiva. Fíxeno nun momento bastante crítico: a finais da temporada 1994-1995, os directivos convocaran os socios e amigos cineclubistas a unha asemblea en que comunicaran a finalización definitiva da actividade da entidade a causa de problemas económicos.

Por resumilo, dado que a actividade do Cineclube xeraba perdas, nos anos anteriores a forma de remediar iso era o diñeiro ingresado por organizar, para o Concello da cidade, aqueles ciclos de cinema ao ar libre do Corpus. Aquel ano, desde as oficinas municipais confirmáranlles que non se contaba co Padre Feijoo para o ciclo, e iso supuña a inviabilidade inmediata da entidade. É máis, naquela asemblea comunicouse que o Cineclube gastaba o seu último remanente na que ía ser a súa derradeira proxección, que se non lembro mal foi ademais gratuíta para todos os asistentes.

Os ánimos da directiva estaban moi baixos, algo que ao mellor non é doado de comprender por este simple feito; porén, o certo é que o desgaste persoal viña de moi atrás.

A pequena asociación que formamos uns amigos uns anos antes, o Colectivo Phanzynex (que, entre outras cousas, ocupou o lugar do Frente Comixario na organización das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, deu lugar ao Círculo de Xoves Escritores CEXA e desenvolveu o programa radiofónico cultural *En banda*, en emisión cada domingo en Onda Cero Ourense durante sete temporadas), tiveramos antes algunhas colaboracións co Cineclube (uns ciclos de cinema escolar para os que preparamos uns folletos didácticos en forma de banda deseña-




da; ou o Certame de Curtametrxas Amater Cinecenta, do que organizamos un par de edicións na Casa da Xuventude). Nesta situación, Juanjo Rodicio e mais eu argallamos unha serie de alternativas para lle propor á directiva, de forma que as actividades se fixesen viables economicamente: desde a creación da figura do socio protector (que adiantase voluntariamente o diñeiro de todo o trimestre, en vez de pagar a súa cota semanalmente, como entrada da película) ata a posta á venda dunhas camisetas, que deseñou desinteresadamente Rober Araújo (e de onde sairía ademais o futuro logotipo da entidade). Non é que as medidas resultasen especialmente efectivas, pero o feito é que entre todos conseguimos que se levantasen os ánimos e que puidese seguir levándose a cabo a actividade, aínda que fose de forma precaria.

## Un novo comezo

Talvez haxa que comentar primeira-mente por que é tan custoso economicamente levar adiante un cineclub —máxime cando moita xente ten como referencia o prezo que tiña que pagar para alugar ou comprar unha película en formato doméstico, ou agora o aluguer nunha plataforma—. Un cineclub normalmente utilizaba formatos cinematográficos profesio-



Na parte superior, as camisetas deseñadas por Rober V. Araújo para o Cineclub en 1995. Na inferior, explicación gráfica do deseño do logotipo utilizado, que acabou conformando a imaxe da entidade ata 2020 (imaxes xentileza de Rober Vázquez Araújo).



**CINECLUBE**  
PADREFEIJOO

nais ou semiprofesionais (35 mm ou 16 mm). Iso supuña, por unha parte, unha loxística coa súa propia complexidade: programar coa distribuidora unha data concreta, coordinar con ela o envío e a devolución das copias —que no caso de filmes en 35 mm eran unhas sacas duns trinta quilogramos cos rolos de película, é dicir, non algo especialmente fácil de mover—, montar e proxectar a fita —operación que tiña que levar a cabo un profesional—, e, desde logo, contar cunha sala dotada para esa proxección, cousa menos habitual do que podería parecer. Ademais, tiña un custo elevado: na primeira década dos dous mil, os gastos de alugueiro da copia, transporte e proxección para cada filme eran de arredor de 300 euros. Sen axudas doutras institucións, un cineclub dependía directamente do seu público: cunha cota-entrada de tres euros, se un filme non concitaba a atención de polo menos 100 persoas (unha cantidade bastante realista, pero que non sempre se cumpría), a película provocaba perdas que había que afrontar con remanentes económicos propios. Desde logo, naquela época os remanentes eran mínimos, de forma que a programación era un constante camiñar pola corda frouxa.

O caso é que o 5 de outubro de 1995, finalmente, conseguimos pór outra vez en marcha toda a maquinaria, coa proxección de *Vanya on 42nd Street*, de Louis Malle. Pór en acción un proxector daqueles era un traballo técnico que só podía facer alguén con experiencia no sector, pola complexidade que entrañaba; no noso caso, o señor Pepe (José Rodríguez Varela), un profesional retirado ao que pagabamos polos seus servizos. Persoalmente, o funcionamento daqueles aparellos, que comentarei despois, sempre me pareceu algo semellante ao dunha antiga locomotora de vapor (o operario tiña que estar en todo momento atento a todo, non como nos proxectores da seguinte xeración, os habituais naquela altura nas salas de cinema, con columna de longamentraxe, onde a complicación estribaba en montar ben a película, e despois a máquina podía continuar soa sen máis supervisión que mirar de cando en vez a pantalla). O precario da instalación con que contabamos non facía máis que reforzar a sensación de milagre por conseguir dotar de vida aqueles cacharros outra vez. Aquela primeira proxección comezou, de feito, coa película un par de minutos carente de son, porque algún dos cables dos alt falantes estaba algo solto e tivemos que correr á zona posterior da pantalla, temendo que o problema fose maior.

Aquel último trimestre de ano conseguíuse unha combinación de clásicos e modernos con Rohmer, Arcand, Dreyer, Moretti, Sternberg, Rips-tein, Flaherty, Kaurismäki, Jacques Feyder, Kiarostami e Leo McCarey, e conseguimos facer un ciclo de cinema infantil e mais unha celebración especial do centenario do cinema o propio 28 de decembro, cunha maratón en que se proxectaron seguidas, entre outras, *Steamboat Bill Jr.*, de Charles Reisner e Buster Keaton; *Greed*, de Erich von Stroheim, e *Citizen Kane*, de Orson Welles.

A nova directiva conformada<sup>1</sup> tiña, como ocorre en calquera asociación, membros cun grao de implicación moi diverso, pero nos primeiros momentos si se podía falar dun equipo amplo máis ou menos conformado (cuestión pouco habitual nos meus trinta anos de experiencia asociativa). Non obstante, en poucos meses, as diversas situacións persoais de cada un (en varios casos, o éxodo a outras localidades por cuestións laborais) foron decimando aquela conformación inicial; por exemplo, Alfonso Blanco, un dos máis activos naquel momento —viña ademais de experiencias previas no mundo do asociacionismo, como a de Atalante, da Facultade de Empresariais—, marchou para iniciar os seus estudos de imaxe e son, que o converterían no reputado produtor que é hoxe. Así pois, pouco despois, daquel grupo só quedamos activos Alberto Llorente, Manuel Aiám e mais eu, con algunhas axudas concretas doutras persoas en períodos determinados. Durante os anos seguintes, o habitual foi un núcleo activo real (fóra do indicado polos papeis oficiais) de entre dúas e catro persoas.

Naquel momento a estratexia seguida era combinar filmes de estrea en 35 mm con clásicos en 16 mm (formato máis económico e que non esixía a presenza dun proxeccionista, xa que era moito máis fácil de manexar); con este último formato, ademais das copias alugadas a distribuidoras, aproveitábanse todo o posible as posibilidades que ofrecían os servizos culturais «de embaixada», que cedían gratuitamente copias polas que só había que pagar os portes. Naquel momento, os que quedaban activos

---

1 Os membros da directiva que constan na renovación presentada nese momento ás autoridades son, tal e como apareceu na prensa, «Alberto Llorente (presidente), Manuel Aiám, Ana Moreno, Henrique Torreiro, Alfonso Blanco, Miguel Freire, Manel Rodríguez, César Silva e Purificación Veiga». O meu posto oficial foi o de secretario.

eran o Institut Français (que axiña deixou de prestar o servizo de filмотeca) e o Goethe-Institut, e por esa razón pode rastrexarse claramente a presenza de moitos clásicos franceses e alemáns na programación. Estes filmes tiñan, porén, menor calidade nas proxeccións (menor luminosidade, peores copias, e intermedios nas proxeccións, dado que, ao contrario que coas de 35 mm, só contabamos cun proxector e o cambio de rolo non se podía facer doutra forma). Á parte diso, os clásicos concitaban moita menos atención do público. Hai que dicir que, salvo casos puntuais, os grandes éxitos de público foron sempre as películas de estrea.

Na memoria desa temporada 1995-1996,<sup>2</sup> a vixésimo quinta, diciamos:

O propósito neste 96 foi dar un pulo decidido ás actividades cinematográficas do Cineclube mediante unha maior publicidade; partiu-se dun cambio de imaxe gráfica do Cineclube a través dos folletos e carteis das películas semanais, e adoptouse unha comunicación continuada coa prensa e a radio locais a través de notas de prensa semanais con comentarios das películas correspondentes.

O contacto con medios daquela consistía basicamente en inserir un anuncio na edición dos xoves do diario *La Región*, na mesma páxina en que se publicaban os anuncios dos cinemas comerciais, o que, certamente, era o método máis habitual da cidadanía de coñecer a carteleira. Non obstante, eu considerei que era importante aplicar leccións que fora aprendendo doutras actividades, como o envío regular de notas de prensa (aquí, a axuda de Benito Losada e a Casa da Xuventude foi fundamental, posto que nos permitía utilizar o seu ordenador e o seu fax para enviar todas as semanas o correspondente comunicado de prensa). Non tardei en decatarme de que a prensa local traballaba cunha serie de esquemas aparentemente inamovibles acerca do que era «noticia», e en moi poucas ocasións a información pasaba de citar apenas o título da fita e o horario de proxección nunha sección de «citas do día». É máis, as poucas veces que na prensa se lle dedicaba algún espazo maior á nosa actividade, era a posteriori: a tipoloxía «Onte proxectouse tal filme» non servía, como é lóxico, para informar o público de que había un filme interesante que ver, coas claves (os elementos que moitas veces un simple título non achega) que se lles facilitaban na nota de prensa; aínda así, hai que recoñecer que

---

2 As memorias orixinais inclúense como anexo ao final deste texto.



sións estéticas; por exemplo, dado que non podíamos basear a promoción na simple presenza dos títulos dos filmes<sup>4</sup> (que podían xa non estar na cabeza do público potencial, dado que pasaran uns meses desde que tiveran, con sorte, algo de promoción nos medios para a súa estrea nas grandes capitais), os carteis non podían estar elaborados partir dunha soa imaxe. Así pois, incluíanse fotografías e diversos datos que servisen de gancho para cada un dos filmes (premios, nome do director...). Non obstante, creo que conseguín que fosen algo máis que un simple acúmulo de información.

Unha das cuestións nas que eu persoalmente puxen moita énfase en toda a comunicación foi destacar a cuestión de que a maior parte da nosa programación a compuñan estreas na cidade, que ademais viñan avaladas normalmente por premios e recoñecementos. Pode resultar curioso ver iso continuamente nos carteis de programación desa época, pero eu detectara que moita xente tiña a idea preconcebida de que no Cineclubesó se botaban películas antigas —antigallas, dígase mellor— sen interese salvo para algúns tolos nostálxicos. Ese prexuízo tiña o corolario de ligar estas actividades a un reduciñísimo núcleo de xente: lembro que, nunha entrevista cun político, este chegou a dicirnos: «Pero a isto do Cineclubes van só catro gatos, non?». <sup>5</sup> En realidade, a actividade facíaa posible pre-

---

4 Polo que respecta á posibilidade de traducir os títulos a galego —á parte de que resultaba ilóxico, porque o que proxectabamos normalmente era unha versión subtitulada en castelán (a que tiñamos dispoñible), e un non publicita un libro con título en galego cando en realidade ten a versión en castelán—, en moitos casos a tradución ía despistar moitos posibles espectadores, e non necesariamente por non seren galego-falantes (se alguén tiña interese en ver, poñamos por caso, *Entre los olivos*, pero nós chamabámola *Entre as oliveiras*, talvez esa persoa non caese na conta de que estabamos a falar daquela película; alén diso, hai moitos casos en que a tradución non sería nada parecida á castelá). Para rizar o rizo, non hai que esquecer que o noventa por cento dos medios ían volver traducir o título a castelán para dar a noticia, co que os resultados podían ser impredecibles. É certo que agora xa non se segue este criterio no propio Cineclubes, mais persoalmente sigo a considerar que o máis acaído é referir o título propio da versión que realmente se proxecta, e non recorrer a inventar unha tradución nin utilizar o título orixinal, que pode non ter ningunha ligazón co título co que se coñece pola estrea española.

5 A sinceridade (ou falta de filtros, se se prefire) demostrada por este político tamén o levou a expresar as súas dúbidas sobre se se podía axudar o Cineclubes, por constituír unha «competencia desleal» para as salas de cinema. Estaba claro, non obstante,

cisamente un promedio dun centenar e pico de persoas<sup>6</sup> que acudían ás proxeccións (afluencia non precisamente habitual nas actividades culturais da cidade), pero había que deixarlle claro ao público potencial que iso era así, e ese era outro tema en que insistía en notas de prensa.

## As liñas mestras

A programación do Cineclube sempre incluíu ciclos especiais, ademais de manter as súas proxeccións regulares semana a semana, co apoio económico das persoas que acudían ás proxeccións, eventuais patrocinios e a axuda tamén da Federación de Cineclubes de Galicia, xestionada pola sempre eficiente Lola Fernández. Esa foi unha das estratexias da entidade en todo este tempo: a colaboración con outras organizacións e institucións (que moitas veces levaban a cabo a súa propia negociación con patrocinadores) para lograr sacar adiante programacións que, en moitos casos, concitaban e sumaban novos públicos. Aínda que algúns ciclos podían ser inicialmente un simple encargo, procurábase aproveitar o investimento e o esforzo realizado para lograr programacións que non só satisfixesen os intereses da institución que o encomendaba (o Concello, cun ciclo de cinema infantil, por exemplo), senón que tamén servisen para outros públicos de tipo xeral (por seguir co mesmo exemplo, facendo unha sesión en horario nocturno cando un filme «infantil» tiña tamén interese para os adultos).

---

que non podiamos exercer competencia por ofrecermos produtos diferentes; ademais, a relación co sector da exhibición sempre foi boa: na propia historia do Padre Feijoo quedan reflectidas continuas relacións (económicas nuns casos, totalmente colaborativas noutros) con moi diversas salas cinematográficas da cidade. Polo que respecta ás continuas proclamas que desde o cineclubismo se adoitan facer contra o «cinema comercial», non deben ser entendidas nunca como críticas aos exhibidores, senón contra determinadas políticas impostas polas grandes empresas de distribución que dificultan a variedade cinematográfica (e que aínda así non evitan a chegada de moi bos filmes tamén as salas de cinema convencionais).

6 E esa media significa que a base real era moito maior; incluso con esa cifra media de afluencia, entre un filme e outro unha parte importante do público podía ser moi diferente, xa que moitas persoas só ían ver só as películas que máis lles interesaban, non todas as que se lles ofrecían.

En moitas ocasións, entidades de todo tipo acudiron ao Cineclub como institución que lles podía arranxar unha proxección para unha actividade (un sindicato para celebrar un primeiro de maio, un departamento universitario para ofrecer unha actividade complementaria nun congreso). Aínda que algunhas veces a intención desas entidades era máis semellante a contratar unha especie de «empresa» que lles sacase de diante un problema organizativo, ese non era un papel que nos compracese, e ademais había unha dificultade engadida: os prezos que custaban os elementos que tiñamos que manexar (o alugueiro e transporte da copia, os gastos de proxección) eran xa en si «prohibitivos» para moitas asociacións e mesmo institucións máis ou menos asentadas; se a iso engadíamos unha marxe «comercial» para o cineclub (para dotar de fondos a asociación, enténdese), a actividade convertíase directamente en inasumible. Por esta razón, aínda que para un congreso nos pedisen unha proxección privada para os asistentes, a nosa condición normalmente era poder realizar, ademais, unha proxección aberta ao público xeral. Aínda así, non todo o mundo comprendía ben estas condicións, e mesmo nunha ocasión chegamos a declinar a organización dunha proxección para un congreso despois de chegar a apalabrala coa distribuidora, porque desde a organización do congreso non entendían non poder esixir a exclusividade se eles eran «os que puñan o diñeiro» (sen querer comprender que, a cambio, nós puñamos toda a loxística necesaria —e urxente, porque a petición fora feita a última hora— sen lles cobrar por iso).

De feito, non todo o mundo que acudía ás proxeccións parecía consciente de que o Cineclub era unha asociación e de que ao inscribirse nel se facían socios e pagaban a súa cota como entrada a unha película. Algunha persoa tenme botado na cara que o prezo da «entrada» naquel momento se correspondía co prezo da entrada do día do espectador dos cinemas comerciais, como poñendo en evidencia que tiñamos uns prezos moi altos para ser unha entidade sen ánimo de lucro. Procurei lembrar neses casos que un cineclub non deixa de ser un grupo de amigos que pagan «a escote» os custos de exhibir un filme, e que, a diferenza do que ocorría na maior parte dos casos nas salas comerciais (onde a distribuidora quedaba cunha parte do diñeiro da entrada e a sala co resto, polo que as súas ganancias dependían do número efectivo de espectadores), nós tiñamos que pagar unha cantidade fixa, viñese xente a ver a película ou non.



Dito isto, facer a programación comprendía toda unha serie de complexidades que ían moito máis alá da simple cuestión monetaria (non «acertar» coa película adecuada podía supor un problema económico para a entidade, como dixeran); por unha banda, tratábase de cumprir con certos gustos do público (que contabamos como público de gustos especializados, mais que tamén tiña unha «zona de benestar» — moitas das películas que nos festivais acadan os premios do público demostran por onde van os tiros do que pretendo dicir—) e hai que conseguir ir facendo propostas que arrisquen un pouco máis, sen deixar de ofrecer produtos apetecibles. Nesta época, por exemplo, fixemos que a programación comezase a incluír tamén novas sensibilidades, como podían ser achegamentos ao cinema de xénero (fantástico, acción) ou disciplinas como a animación, tradicionalmente excluídos dun certo canon cineclubista. Considerabamos que o Cineclub debía traer fitas que non sempre lles resultasen tan cómodas mesmo aos públicos afeitos a certos filmes de fóra dos circuitos comerciais, xa que niso consiste calquera arte, nunha constante evolución que pon moitas veces en cuestión o que xa está establecido, mesmo para os sectores máis «avanzados». Tiñamos tamén a *espada de Damocles* da estrea en vídeo, e especialmente na canle de pago Canal +, que contaba con bastantes abonados entre os cinéfilos do momento. Sabiamos, porque así o constatamos, que, unha vez comezada esa etapa, a non contarmos coa exclusiva da película, moito público xa non viría á proxección, ao vela antes na emisión televisiva.

Curiosamente, non sempre se lles podían dedicar sesións aos clásicos, dado que resultaban moito máis caros que as estreas: mentres normalmente as estreas baixaban algo de prezo co paso dos meses, as copias de filmes clásicos, as máis das veces feitas *ex professo* para este mercado de cineclubes e institucións, mantiñan o seu custo ao longo do tempo. Na Federación tiñamos un acordo entre os cineclubes para non pagar nunca máis dun certo límite por filme (os festivais e outras institucións chegaban a pagar cantidades moi altas por dispoñer de copias de estrea ou preestrea, por exemplo, mais seguirilles a corrente nesa política en momentos de bonanza económica podía dar como resultado unha suba xeneralizada de prezos que non interesaba a ninguén), e en moitas ocasións o prezo destes clásicos estaba xusto nese límite. Por outra parte, como xa se comentou, os clásicos concitaban bastante menos atención do público (salvo casos moi concretos, de títulos que

por algunha razón había unha certa apetencia de volver a ver ou de descubrir), polo que resultaban aínda máis caros ao seren máis difíciles de facer rendibles.

Había o que se di un «período de oportunidade» de poucos meses entre o momento en que o filme deixaba as salas comerciais e baixaba algo o seu prezo de alugueiro —cosa que non sempre era inmediata— e o momento en que se producía a súa emisión na televisión de pago.

Aclaro que conseguir proxectar un filme non era só unha cuestión de tomar esa decisión. Para comezar, tiña que existir copia: as copias de celuloide tiñan licenza por un número limitado de anos, e en todo caso ían deteriorándose co uso, co que, chegado certo momento, debían retirarse da circulación; deste xeito, moitos filmes estreados poucos anos atrás podían xa ser inaccesibles, e no caso dos clásicos só había títulos moi determinados. Estudiar os catálogos das diferentes distribuidoras era parte das tarefas imprescindibles de programación.

Por outra parte, non todas as distribuidoras tiñan interese no circuíto dos cineclubes: normalmente as grandes (as chamadas *majors*) estaban máis centradas na distribución de enormes cantidades de copias aos cinemas comerciais, e ese era o seu negocio; andaren distraéndose con arranxar proxeccións concretas en lugares específicos escapaba do seu modelo, e, ou ben rexeitaban traballar connosco, ou simplemente pedían cifras inasumibles para o alugueiro. Así pois, podía darse o caso de que a fita estivese dispoñible en teoría, mais fose igualmente inaccesible.

Do mesmo xeito, podía ocorrer que existise a copia, pero que para esas datas concretas estivese noutro lugar da xeografía estatal. Aínda máis: os cinemas comerciais «de provincias» naquel momento non estreaban os filmes ao mesmo tempo que nas grandes cidades, senón que lles ían chegando semanas e mesmo meses despois, co que nalgúns casos o noso «período de oportunidade» tiña uns límites moi difusos. Nunha ocasión, tivemos que suspender unha proxección porque o filme acabou aquela mesma semana nunha sala de cinema da cidade na súa versión dobrada; tratouse dun erro de coordinación por parte da distribuidora, polo que nos pediu desculpas, pero é significativo de ata que punto o que ofreciamos eran realmente estreas para a realidade do momento.

Claro é, un filme pode vir cargado de premios e todo tipo de parabéns por parte da crítica e despois non ser para tanto (para gustos hai cores). O risco dun cineclub tamén está en explorar as novas propostas e non quedar nos clásicos consagrados; no tocante a eses clásicos intocables, revisitalos para comprobar se seguen vixentes ou se tamén pasou a súa hora. Ciclos como o de Cinema e Banda Deseñada, onde procurabamos exhibir filmes non estreados en Ourense, non sempre resultaron todo o interesantes que criamos que ían ser; era un nicho tan especializado que non sempre había de onde escoller, nin as referencias necesarias, mais creo que eses ciclos foron unha forma tamén de exhibir pezas moi curiosas (entre elas, curtametraxes, que polas súas características eran moi complicadas e caras de proxectar para un cineclub), e supuxeron toda unha rareza como elemento de programación nos salóns dedicados ao cómic na Península, porque só en casos moi concretos se facían cousas similares, e, cando se facían, case sempre estaban máis enfocadas a curiosidades do tipo *bizarre*.

En xeral, tiñamos que facer a programación fiándonos de informacións de prensa, críticas, opinións de cineastas ou festivais que avalaban os filmes... mais rara vez podíamos ver antes nun festival ou por algún outro medio máis ou menos privilexiado o filme antes da súa proxección.

Teño dito que, dalgunha forma, coa programación tiñamos que buscar un certo tipo de «comercialidade», dado que a afluencia de público era a que permitía que as arcas do Cineclub permanecesen saneadas; non obstante, «atinar» cos títulos que puidesen concitar a atención de moito público e combinalos con propostas máis arriscadas non sempre era doado. Como comentaba, había tipos de filmes que sabíamos que en xeral concitaban máis público (por exemplo, o cinema francés), e outros que polo xeral atraían menos espectadores (o cinema oriental); combinar títulos potencialmente populares con outros que sabíamos que non o ían ser era a fórmula para lograr manter ese equilibrio económico que a entidade necesitaba.<sup>7</sup>

---

7 Pode lerse unha reflexión respecto a como era xestión e a programación do Padre Feijoo uns anos despois da época da que eu falo (cunha problemática moi semellante) no artigo de Óscar Iglesias «Consideracións do programador dun cineclub sobre o exercicio do seu labor» publicado en 2016 na revista dixital *A Cuarta Pared* (<http://www.acuartapared.com/consideracions-do-programador-dun-cineclub-sobre-o-exercicio-do-seu-labor>).

Aínda así, si que houbo fitas cuxo éxito nos sorprendeu gratamente: a pesar de seren filmes «inusuais» mesmo para o público de cineclub, as fitas *Fear and Loathing in Las Vegas* (Terry Gilliam) ou *The Naked Lunch* (David Cronenberg), entendo que grazas a estaren baseadas en libros de culto; ou malia seren moi pouco coñecidas, como a pequena película irlandesa-británica *Waking Ned* (Kirk Jones), grazas á recomendación inmediata do público que a viu, dado que se proxectou excepcionalmente dous días seguidos. Como anécdota de tipo sociolóxico, direi que durante anos o récord de asistencia foi a proxección en 1998 do filme *Kama Sutra: A Tale of Love*, programado por ser obra da reputada directora india Mira Nair (malia que neste caso resultou non ser unha película especialmente notable). Aínda que ten un claro compoñente erótico, a fita parte do sentido sacro do *Kama-sutra*; aínda así, a percepción de moita xente foi que ía ser un filme moi sexual, e o Teatro Principal chegou practicamente ao máximo da súa capacidade de público para proxeccións (neses casos, algúns asentos laterais non estaban dispoñibles, dada a súa nula visibilidade da pantalla), e houbo moitos asistentes non habituais (mesmo algún político que nunca xamais estivera nin volveu estar nas actividades cineclubistas).

## **O problema do local de proxeccións**

A sala de proxeccións da Casa da Cultura (aínda que todo o mundo coñecía aquel edificio por «Biblioteca Pública») distaba moito do ideal. A aparencia era talmente a dun local desconxuntado, avellentado e infra-dotado. Contábase cuns proxectores Ossa VI dos anos corenta comprados de terceira man polo propio Cineclub. A versión da historia que eu coñezo é que primeiro foran do Cine Avenida (segundo nos contara o señor Pepe, o noso proxeccionista), e despois foran parar a un centro propiedade dunhas monxas; o Cineclub conseguiuunos a bo prezo a finais dos setenta<sup>8</sup> porque as monxas quixeron desfacerse deles pensando

---

<sup>8</sup> Cando se edificou a Casa da Cultura, en 1977, foi a directiva do Cineclub a encargada de acondicionar o salón de actos con pantalla, sistema de son e proxectores. Nun documento acerca destes aparellos redactado polo Cineclub, describimos as súas características así: «Contan con lanterna de carbonos, automática. Están equipados con soporte para obxectivo anamórfico, e obxectivos

que non funcionaban ben, dado que enchían todo de fume, cando en realidade —segundo esta versión— o que sucedera é que estaban mal instalados. Un deses proxectores pode verse hoxe exposto na entrada ao salón de actos do edificio.

Estes aparellos utilizábanse co sistema tradicional de proxectar de forma alternada os diferentes rolos da película<sup>9</sup> e empregaban unha lámpada de arco de carbonos (na lámpada —unha cámara metálica integrada no corpo do proxector—, o que se cambiaba eran os carbonos que facían a función de ánodo e cátodo; ese foi o método utilizado en todos os cinemas ata que se xeneralizou o emprego de lámpadas de xenon). Dado que os carbonos ían gastándose durante a proxección, o proxeccionista tiña que manter constante a distancia entre eles de forma manual (existía un sistema automático, mais non dispuñamos del); isto facía que a luminosidade fose desigual ao longo de toda a película. A calidade de son era moi básica, aínda que iso non difería demasiado da que había na maioría das salas da cidade ata que abriron os cinemas do centro comercial. A comodidade dos asentos non destacaba entre as súas calidades, e a calefacción naquela zona do edificio non se notaba. Os intentos por conseguir que as diferentes administracións tomasen cartas no asunto para darlle dignidade a aquela sala, que polo demais tiña unhas dimensións e proporcións moi adecuadas, foron constantes ao longo dos anos, como comentarei despois.

Así as cousas, na memoria do ano 1997 comezabamos felicitándonos «polo cambio de sala de proxeccións desde a tradicional da Casa da Cultura á recentemente equipada do Teatro Principal». Este cambio, «en principio alternando sesións nas dúas salas», prevíase xa como definitivo, deixando a da Casa da Cultura «só para actividades puntuais».

---

primario e anamórfico, e bombos para bobinas de máis de 40 minutos».

<sup>9</sup> A técnica tradicional era utilizar un rolo en cada proxector, e ilos alternando, mais a capacidade das bobinas permitía empalmar dous rolos e ir facendo o cambio de proxector unicamente cada dous, e esa era a técnica que empregaba o noso o noso proxeccionista. Este debía estar atento ao finalizar o rolo; sabido é que na esquina superior dereita da pantalla aparecían unhas marcas circulares (que aínda se poden ver en moitos filmes na súa versión para pantalla de televisor) que lle indicaban o momento exacto en que tiña que acender o outro proxector e apagar o actual sen que o público o percibise.

Víase ademais como unha posible forma de superar os problemas económicos que seguía a ter a actividade do Cineclub:

Non cabe dúbida do notable incremento de público que supuxo o cambio de sala, mellor localizada e indiciblemente mellor coidada [...] e, non obstante, este non foi economicamente un bo ano para o Cineclub: a oficina-almacén que a entidade ocupaba desde finais dos setenta houbo de ser desaloxada en verán por problemas no pagamento do alugueiro,<sup>10</sup> e os custos das películas non foron cubertos totalmente polas cotas de socio e as pequenas subvencións concedidas, o que fixo que no comezo da temporada 97/98 houbera máis dunha dúbida sobre a continuidade do Padre Feijoo.

Tamén parecía albiscarse un entendemento co Festival de Cine, do que se comenta un «achegamento da dirección» deste.

O Teatro Principal, que parecía ser a solución para as proxecións, fora equipado cun proxector de 35 mm e mais outro de 16 mm coa chegada do Festival de Cine (1996), co obxecto de contar cunha sala central para as actividades; polo que sei, para ese motivo ata chegaron mesmo a valorar a posibilidade de reabrir o cine Avenida, que levaba xa uns cantos anos pechado, mais non se daban as condicións. Para o equipamento xa non se escolleu a última tecnoloxía (son dixital), senón a penúltima naquel momento, o son Dolby SR (Spectral Recording). A cuestión é que eses proxectores non se utilizaban máis que durante as datas do festival, e desde o Cineclub tratouse de conseguir un acordo para o seu uso noutros momentos do ano.

---

<sup>10</sup> Por aclaralo, non era que a entidade non puidese afrontar o gasto. O local, que era un minúsculo entresollado na rúa de Valle-Inclán, era o que se di un legado do pasado da sociedade: xa non se empregaba realmente e acudíase a el de forma moi esporádica; estaba claro que deberamos tomar algunha decisión ao respecto moito antes. Tan pouco se empregaba o local que, cando por erro bancario as domiciliacións comezaron inadvertidamente a devolverse (os avisos de falta de pagamento chegaban precisamente ao local), pasaron meses ata que soubemos do asunto, cando os propietarios o levaron ao xulgado, fartos de que non désemos resposta (en teoría non deran contactado con ninguén da directiva, o cal non deixa de ser paradoxal nunha cidade pequena como Ourense, especialmente se falamos dunha entidade con actividade pública de cadencia semanal). Naturalmente, non se chegou a xuízo, e despois de satisfeita a débeda (non sei se mesmo foron máis altas as custas que a propia débeda), consideramos que había que aprender daquel erro tan estúpido e que chegara a hora de deixar aquel local, e continuar, a efectos prácticos e legais, domiciliados na sede da Federación.

Cando finalmente se conseguiu, a relación co Teatro Principal tivo sempre a súa complicación. De inicio, houbo que convencer a dirección de que o Cineclub era unha entidade sen ánimo de lucro e non podía pagar un alugueiro da sala nin facer as sesións gratuítas, porque esas entradas eran as que pagaban os custos. Por outra parte, a realización de dúas proxeccións obrigaba os traballadores do teatro a traballaren máis horas, o que comprensiblemente provocaba desagrado neles, mais a dirección non procurou arranxar esa situación interna, senón que nos pediu reducir as proxeccións a unha única sesión. Pero realmente houbo máis complicacións. Cando comezamos, un dos traballadores fora proxeccionista nunha sala de cine e estaba encantado de realizar as sesións para o Cineclub. Despois de poucas proxeccións, este home tivo un problema cardíaco que o retirou do traballo, e dun día para outro quedamos sen ningún profesional que efectuase as proxeccións, porque entre os traballadores non había ningún outro con eses coñecementos (ou polo menos ninguén se pronunciou ao respecto) e o Teatro non se facía cargo de encontrar un substituto; así pois, de forma improvisada tivemos que aprender a proxectar Manuel Aiám, Alberto Llorente e mais eu.

Manuel Aiám tiña xa certa experiencia, porque durante un tempo se encargara das proxeccións do cine de Verín, pero para comezar necesitabamos saber todos os detalles da maquinaria existente no Teatro Principal: dado que as dimensións da cabina non deixaban sitio para unha columna de longametraxe normal (unha bobina única que incluía todos os rolos da película, normalmente na parte posterior do proxector en calquera dos cinemas naquel momento), o sistema de bobinas instalado tiña un complicadísimo percorrido desde o lateral que non era fácil de intuír; ninguén no Teatro tiña idea de que existise algún tipo de manual para esta instalación e ninguén sabía manexala. Tratamos de falar co proxeccionista retirado, por se nos facía o favor de darnos unha pequena clase maxistral para tentar resolver este problema (ata aquel momento, fora un home atentísimo e amabilísimo connosco, de aí o noso atrevemento), pero a sorpresa foi que se negou en redondo, aducindo que eran destrezas que tivera que aprender pola súa conta e que non estaba disposto a revelar, e que debiamos buscar axuda por outro sitio. O noso proxeccionista habitual na Casa da Cultura, pola súa parte, alegou que el non quería saber nada de proxectores modernos. Así as cousas, Alberto Llorente, Aiám e mais eu pasamos horas buscando entender o funcionamento do sistema

de bobinas; finalmente, conseguimos desentrañalo, e eu encargueime de debuxar un esquema para que quedase na cabina, pensando en futuras ocasións e futuros proxeccionistas. A partir de aí, fomos nós os que fixemos a montaxe dos rolos na bobina, a proxección e mais a desmontaxe, con Aiám como guía. Chegou un momento en que Aiám non puido vir tampouco, e alí nos vimos Alberto e mais eu na situación de ter que proxectar, cousa que fixemos durante un tempo, ata que un día un dos traballadores (un dos que teoricamente non sabía nada de proxecións nin de como funcionaba o mecanismo da cabina) me comentou que chegara a un acordo coa dirección e que se ía encargar el, cousa que fixo o resto daquela temporada.

Moitas das esperanzas postas no Teatro Principal quedaron defraudadas ao ano seguinte: «O que parecía ser a solución aos males que aqueixaban o Cineclub e [...] trunouse finalmente co final da temporada 97-98. O cambio de actitude da xerencia do Teatro obrigou a volver á sala da rúa Concello, na Casa da Cultura, salvo excepcións. Isto supuxo a necesidade de ralentizar o ritmo das sesións, que se chegaron a paralizar de modo preventivo no mes de decembro, dada a menor afluencia de público, impedimento para a mínima rendibilización dos gastos de proxección.»

O achegamento do Festival de Cine naqueles momentos permitira a realización dun ciclo en colaboración coa Concellería de Cultura, proxectando no Principal películas de estrea, «incluíndo a presentación de *Asaltar los cielos* con presenza do seu director», e «a inclusión dun representante do Cineclub e no “Consello Asesor” do Festival [...], sendo teoricamente o Cineclub e encargado da programación dunha sección do Festival, “O nunca visto”».<sup>11</sup> Co cambio de política do Teatro Principal,

---

<sup>11</sup> A relación co Festival, no entanto, non pasou de aí durante moitos anos; non se volveron realizar ciclos nin actividades. Durante algúns anos, houbo esa presenza nominal do Cineclub e como apadriñador do ciclo de filmes «O nunca visto», mais iso supuña pouco máis que o visto e prace da directiva aos títulos escollidos polo Festival para esa sección (iso si, servía para poder saber de antemán que filmes xa non poderíamos programar no trimestre ao estar comprometidos para o festival). Nin sequera mudou esa cuestión o feito de eu entrar a traballar profesionalmente no equipo do festival (cousa que sucedeu en cinco edicións, dúas delas como encargado do catálogo, e tres como coordinador técnico do festival), entre outras cousas porque o meu posto non tiña poder de decisión. Non foi ata o ano 2010 cando a dirección do Festival lle deu un cambio á



como digo, xa non foi posible continuar coas proxeccións. Pero uns anos despois, a principios dos dous mil, cando se conseguiu de novo facer sesións soltas nas súas instalacións, a condición foi que levásemos nós un proxeccionista. Non é algo precisamente fácil de acadar, pero demos conseguido os servizos dun antigo traballador dun dos cines da cidade, que nese momento tiña un traballo na hostalaría (o que tamén condicionaba os horarios).

Xa en 1998 comezaron a facerse algunhas proxeccións no Cine Dúplex. O seu dono, Benito Álvarez, sempre fora moi receptivo e chegara a colaborar anos antes nunhas semanas de cinema chamadas «Espacios filmicos», onde el mesmo corría con boa parte dos gastos, polo que teño entendido. Neste caso, como o pequeno ciclo realizado co festival e o Concello viña pago de antemán, o acordo foi o que se levou adiante nos ciclos posteriores: non se lle pagaba un alugueiro da sala, senón que quedaba co diñeiro das entradas (que sempre procuraron ser de prezos económicos). Isto, naturalmente, entrañaba un risco — dado que o prezo efectivamente cobrado podía ser baixo, se non se concitaba suficiente público—, pero aceptouno de bo grado.

## **A filosofía do Cineclub**

Os propósitos didácticos dun cineclub van case implícitos: non só dar a coñecer bo cinema, senón dalgunha forma dotalo dalgunhas ferramentas para a súa análise. Ese é o motivo para a existencia das follas de sala, por exemplo. No noso caso, ao principio fotocopiábanse artigos ou críticas de revistas como *Dirigido Por*, e pouco a pouco foi mellorándose o modelo: primeiro, traducindo a galego eses artigos, e despois empregando materiais menos coñecidos, procedentes do *pressbook* do filme, como entrevistas ao director ou reflexións deste a respecto da película. Mesmo nalgún caso proporcionamos a propósito algunha crítica negativa da película, o que sen dúbida desconcertaría a máis dun, pero que en definitiva supuña un exercicio de análise comparativa entre o efectivamente visto e o reflectido no texto.

---

súa política e volveu a preocuparse pola realización de actividades ao longo do ano en colaboración co que debería ser aliado e provedor natural de público, o Cineclub.

A horizontalidade organizativa dunha asociación, como é un cineclub, implica tamén que non existe un reparto xerarquizado de papeis (directiva/socios), tampouco nesas funcións didácticas. A directiva vai marcando rumbos que seguir, mais tamén vai descubrindo moitas das cousas ao tempo que o resto dos socios —especialmente na época da que falo, en que podían pasar anos desde que alguén lía acerca dun filme histórico ou talvez se sentise compelido a velo por unha «foto fixa» que aparecía nun libro ata que conseguía velo—. A programación, por tanto, non se fai de acordo cos gustos persoais dos programadores (aínda que, naturalmente, a perspectiva subxectiva sempre estará presente), senón, antes ben, coas intuicións que lles vai dando a súa maior ou menor experiencia no campo, que anima tamén curiosidades por novas cinematografías ou por afondar máis noutras xa comezadas a explorar. Mesmo no caso de que se chegase a programar un dos «filmes favoritos» dalgunha das persoas encargadas da súa selección, ese novo visionado pode dar lugar (e case seguro que o fará) a novas lecturas por parte desa persoa (e mesmo a desmitificación das súas propias lembranzas), co que a aprendizaxe é continua, ou esa é a clara tendencia natural.

Unha das funcións que tradicionalmente se lles ten atribuído aos cineclubs (eu mesmo tamén tiven esa idea nun momento) é a dos cinefóruns, debates posteriores ás proxeccións. Aparentemente, esas serían as mellores circunstancias para aprender colectivamente sobre cinema, cun intercambio de ideas após visionar unha película, mais a realidade é que ese tipo de charlas só poden funcionar se a exhibición se fai en pequenos grupos, e aínda así son complicadas. En xeral, nun grupo grande a maior parte dos asistentes quedan calados, e os máis animados a falar non son necesariamente os que achegan as mellores perspectivas. A solución sería organizar unha mesa redonda aberta á participación do público, mais non se lle oculta a ninguén que iso supón un esforzo que non é pequeno (unha preparación, unha selección de relatores etc.) e que non é asumible desenvolver iso de forma semanal. No Cineclub preferimos, en xeral, dar a oportunidade de ofrecer dúas sesións para que máis xente puidese ver o filme que dedicar esforzos e tempo a debates que en realidade xa se conformaban espontaneamente, de forma informal, á saída. Iso si, en casos especiais, cando foi posible para os nosos escasísimos medios, convidamos alguén a presentar o filme, nuns poucos casos alguén relacionado directamente coa súa realización, que se prestou a un intercambio de pareceres ao finalizar a sesión.

## En busca da ampliación das actividades

O traballo de organización das sesións semanais non permitía moito maior esforzo, pero en 1999, ademais, coa firme intención de ir abrindo o abano de actividades do Padre Feijoo cara a outras áreas, organizamos tamén un curso de efectos especiais, de natureza teórico-práctica, impartido polo técnico especialista de orixe brasileira Ricardo Spencer (naquel momento non só un dos poucos técnicos desa especialidade asentados en Galicia, senón ademais un profesional moi versado na consecución de efectos con materiais caseiros, algo moi axeitado para as pequenas producións). O curso tivo cunha duración de 20 horas, nos locais da Casa da Xuventude de Ourense, e foi un éxito. Porén, tentamos organizalo ata noutras dúas ocasións, mais esas veces xa non conseguimos o mínimo de inscricións necesarias para poder levalo adiante. Si se organizou un par de anos despois un cursiño de iniciación sobre a técnica do guión, impartido polo profesor Carlos Hervella, da Escola de Imaxe de Son de Vigo (EISV).

No ano 2000, ano da celebración do trixésimo aniversario do Cineclubbe (o que non evitou, como consta nas memorias, que se estivese cerca de non dar atopado máis repostos para o funcionamento das lámpadas dos proxectores), fíxose un esforzo especial na programación con varios ciclos, como o exitoso «Clásicos de Ouro».

Ese ano comezou a colaboración coa Universidade de Vigo, co ciclo «A Universidade co Cinema», grazas ao interese de Filemón Rivas, da Vicerreitoría de Extensión Universitaria. Ademais, logrouse tamén a colaboración da Facultade de Ciencias para desenvolver o ciclo «Cinema

Un par de exemplos de follas de sala (de 2004 e 2007). Á parte de forneceren unha ficha técnica bastante ampla e algunhas contextualizacións do filme, tamén servían para lembrar as seguintes proxeccións do Cineclubbe.



e alimentación», con filmes principalmente centrados no mundo da gastronomía e a restauración, mais tamén noutros aspectos como os problemas de saúde relacionados coa comida.

Nesa estratexia de colaboración, ademais do tradicional ciclo «Cinema e BD» coincidindo coas Xornadas de Banda Deseñada, tamén comezou a organizarse o titulado «Caricatura en Movemento», dentro do programa da Bienal da Caricatura de Ourense, coa axuda da Casa da Xuventude e mais do Clube Alexandre Bóveda.

Xa en 2001, establecéronse outras colaboracións, tales como a do ciclo organizado co grupo local de Amnistía Internacional, ou as proxeccións realizadas con axuda de diferentes departamentos da Escola Oficial de Idiomas de Ourense.

Ese ano, o Cineclub organizou para o Concello de Ourense, «gratuitamente e sen pedir máis que os custos materiais da actividade, as proxeccións de cinema ao ar libre nas Festas do Corpus de Ourense, recuperando así unha tradición perdida nos últimos anos, e dotándoa de toda a espectacularidade da pantalla grande e dun bo sistema de son». O Cineclub era, ata o ano 1994 — como comentaba ao principio deste texto —, o encargado das proxeccións de cinema nas festas, daquelas na praza de San Martiño, unha actividade que enchía de público aquel recinto. A partir de entón, as proxeccións encargáronse a outra entidade, e, for polo cambio de localización (a explanada das Burgas) ou polo tamaño de pantalla, moi reducida, a afluencia de público diminuíu drasticamente, e supoño que iso provocou que durante catro anos se deixasen de facer as sesións de cinema ao aire libre. En 2001, a volta foi por todo o alto, con proxección de gran formato en 35 mm; constituíu un éxito sen paliativos (o lugar de proxección, no parque Barbaña, concitou a presenza de centos de persoas que desde logo non caberían na praza de San Martiño; mesmo un dos días choveu e desenvolvemos igualmente a proxección, dada a demanda do público). A pesar diso, o ano seguinte ao concelleiro parecéronlle caros os orzamentos (que é certo que se incrementaran un pouco, posto que os emolumentos do proxeccionista e o custo do alugueiro do proxector eran un pouco máis elevados, aínda que en ningún caso desmedidos), e non se volveu programar cinema nas festas.

Contra esta época abriuse de novo o antigo cine Xesteira, convertido agora en restaurante con escenario. Os donos do negocio tentaban lograr unha programación variada de actividades e conversaron connosco para analizar ata que punto sería factible realizar alí proxeccións do Cineclub. Non viamos moitas posibilidades de compatibilizar a actividade hostaleira coas proxeccións, salvo casos moi concretos, e o que fixemos foi unha proposta de posibles filmes de tipo popular que se adaptasen máis a ese contexto, pero non houbo resposta. Tamén é certo que estaba por ver que realmente se puidese recuperar o proxector da sala, que levaba anos parado e estaba cheo de sucidade polo tempo de inactividade e as obras de remodelación, pero seguramente o que acabou de botalos para atrás foron os custos da proxección, que, insisto, normalmente sorprenden, porque todo o mundo tende de forma errónea a pensar que o cinema é unha actividade de custo tendente a cero.

En 2002 dáse unha nova colaboración dentro dos «Obradoiros» da Universidade de Vigo, combinando clases teóricas con proxeccións cinematográficas abertas ao público en xeral. O acordo coa Universidade foi realizar un Obradoiro de Cinema, dentro das actividades de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo: consistía na proxección de varias películas dentro dun ciclo, o Ciclo de Cinema Clásico, e mais un curso sobre cinema; o programa estaba coordinado, con diferentes profesores, cos cineclubs Pontevedra e Kinema (Vigo), recollendo así os tres campus que abranguí a Universidade. O curso de Ourense nesta primeira edición estivo impartido por min,

A portada do folleto para o ciclo «Cinema e alimentación»: excepcionalmente, para esta ocasión tivemos orzamento suficiente para externalizar o deseño, do que se encargou o estudio ourensán O Clube da Esquina. No logotipo do Cineclub pode apreciarse o engadido especial de celebración dos 30 anos da entidade, que se utilizou no 2000.



e consistiu na análise das diversas facetas do fenómeno cinematográfico, desde a realización das películas ata o seu visionado. Tivo unha duración total de 10 horas, convalidables por un crédito. No meu caso, as aulas teóricas complementáronse con visitas á cabina de proxección do salón de actos da Biblioteca Pública e ás dos cines Lauren (o nome das salas do centro comercial nese momento).

Os Obradoiros de Cinema, con diferente programa e outra edición do Ciclo de Cinema Clásico, fixéronse de novo ao ano seguinte, tamén cos cineclubes Pontevedra e Kinema, aínda que neste caso foron impartidos por Suso Novás.<sup>12</sup> O obradoiro desenvolveuse por terceiro ano consecutivo e por última vez en 2004.

## **O malgrado proxecto «Cine Concello»**

Contar cunha sala para as actividades seguía a ser un problema en 2002; no último trimestre, houbo que limitar as proxeccións polo inicio dunhas obras de instalación eléctrica xeral no edificio da Casa da Cultura (non específicas do salón de actos), que continuaron ata finais de febreiro de 2003. Aínda que en xaneiro levamos adiante unha proxección especial coa colaboración do Teatro Principal en apoio aos afectados pola marea negra (o filme colectivo *11'09"01 - September 11*), este parón puña en evidencia unha vez máis a total desprotección do Cineclub.

A respecto da necesidade dunha mellora do local de proxeccións, na memoria anual coméntase: «este ano presentouse un proxecto orzamentado á Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, que foi ben recibido polo concelleiro, aínda que á hora de redactar estas liñas non se tivese ningunha noticia máis ao respecto».

As entrevistas con diferentes responsables da Administración en busca de solucións foran constantes naqueles anos. Para facerse unha idea do

---

<sup>12</sup> Nesta ocasión, cedín o meu posto: consideraba que o esforzo de preparación do curso só compensaba economicamente se ese mesmo curso se impartía en varios lugares, e eu tampouco tiña tempo nin intención de impartilo en varios sitios, polo que pensei que o mellor era que a mesma persoa que o facía en Pontevedra fose quen o impartise tamén en Ourense.

tipo de recepción que tiñan as nosas peticións de axuda, baste reproducir a resposta que nos deu un delegado provincial da Consellería de Cultura cando lle comentamos o importante que sería investir nun proxector novo para o salón de actos da Biblioteca. Coa xestualidade propia de quen está a dicir algo moi evidente e case humorístico, chantounos: «E para que quere un proxector unha biblioteca?».

O certo é que o edificio da Casa da Cultura, onde estaba a Biblioteca Pública e dependencias de varias administracións, era propiedade do Ministerio de Cultura, pero estaba xestionado pola Xunta de Galicia, e de aí o noso interese por dialogar cos diferentes responsables que foi habendo. Mais Benito Losada, o director da Casa da Xuventude e ao tempo colaborador nunha infinidade de proxectos culturais, foi o que nos deu a idea de presentarlle ao Concello —a través do concelleiro de Cultura, con quen tiña amizade persoal— unha proposta moi ambiciosa,<sup>13</sup> que permitiría que o Concello asumise a xestión da sala (e existía a fórmula administrativa adecuada, que lle permitía ao Concello intercambiarlle á Xunta a xestión doutra planta administrada por el no mesmo edificio, visto ademais o nulo interese manifestado pola sala por parte da administración autonómica). A idea era crear naquel salón de actos unha instalación municipal para a que se propuña mesmo un nome: «Cine Concello» (facendo un xogo de palabras coa futura titularidade municipal e con que se situaba na rúa Concello). Sería unha sala multiuso, apropiada para todo tipo de actividades audiovisuais, apta tamén para o Festival de Cine pero ademais adecuada para a utilización con escolares etcétera. O documento levaba en anexo varios orzamentos solicitados a dúas empresas especializadas que recollían varias opcións (desde compra dun novo proxector ata diversas fórmulas de adaptación dun dos existentes); ademais apuntaba os requisitos mínimos para a rehabilitación da sala (desde a limpeza e a pintura ata a adecuación da pantalla), e a suxestión dunha serie de pasos que se podían dar: unha vez asinado o convenio de cesión coa Xunta de Galicia, establecer outro convenio coa propia Xunta ou con obras culturais de institucións financeiras para conseguir apoio económico, un convenio de colaboración coa Universidade de Vigo (existían como mínimo tres cursos relacionados co cinema en Humanidades e podía haber moitos máis puntos de interese), outro co

---

13 Nos anexos inclúo o texto orixinal da breve memoria presentada, con orzamentos.

CGAI para exhibir en Ourense parte dos ciclos que só se proxectaban na Coruña (unha idea que desde a Federación se negociou moitas veces co CGAI, pero que só hai moi pouco se conseguiu levar adiante), ou outro coa Consellería de Educación para levar a cabo ciclos para os centros de ensino. Non fai falta dicir que o proxecto non chegou a ter nunca unha resposta, nin oficial nin oficiosa. Benito, unha vez comprobado un tempo despois que a proposta caera no esquecemento, pedíume permiso para mover o proxecto entre os partidos da oposición, con idea de podelo dinamizar desa forma. O BNG chegou a presentar publicamente a idea nunha batería de propostas, pero limitouse a denominala «Cine Concello», sen explicar moito máis, o que conseguiu que a proposta quedase desestimada, dado que, como se razoou no pleno, o Auditorio xa ía incluír dotación para cine. O proxecto quedaba así definitivamente sepultado.

## **Novas expectativas frustradas**

En 2004, ante a marcha de Alberto Llorente da cidade por motivos laborais, eu asumín a presidencia; unha cuestión de papelame, realmente, dado que a miña implicación seguiu sendo a mesma, aínda que agora cunha persoa menos no equipo, que afortunadamente se reforzara con algunhas persoas novas con intervención moi activa, caso de Manuel Precedo.<sup>14</sup> Na memoria dese ano comézase a falar do posible uso do Auditorio, longamente demorado e que finalmente nos confirmara o novo concelleiro de Cultura que ía ter dotación para proxección cinematográfica en 35 mm (e non só nunha sala, senón en tres). Nos últimos anos xa comezara a ser moi complicado conseguir repostos para os carbonos da lámpada dos proxectores; apenas quedaban xa no mercado, por simple falta de demanda, e os poucos que íamos conseguindo, tal e como nos comentaba o noso proxeccionista, non tiñan boa calidade.

---

<sup>14</sup> Manuel (que en múltiples ocasións conta tamén co apoio do seu irmán Suso) é outra persoa con inquedanzas formada nos ámbitos asociacionistas e os «caldos de cultivo» creados arredor da Casa da Xuventude. Con moita actividade de tipo audiovisual coa asociación xuvenil Memphis, chegou a dirixir algunhas pequenas producións documentais. Se hai alguén a quen aplicar o cualificativo de «incansable» creo que ese sería Manuel.



A falta de pezas de reposto para os vellos proxectores, o mal estado do salón de actos da Biblioteca Pública e a proximidade de inauguración do novo auditorio da cidade —no que se conta co compromiso de cesión de sala para as proxeccións do Cineclube por parte da Concellaría de Cultura— fixeron que as proxeccións do mes de maio puxesen punto e final ás actividades do ano. Este peche prematuro provocou que non houbera a tradicional colaboración coa Casa da Xuventude durante as Xornadas de Banda Deseñada en outubro, mais confiamos en que o ano entrante permita reiniciar a normal marcha das actividades cineclubistas.

O peche pretendía, ademais —quedou claro que foi unha pretensión moi inxenua— facer tamén presión ante o Concello para que apurasen os derradeiros trámites para a posta en marcha do Auditorio. A posibilidade de contar por fin cunha sala estable era unha esperanza á que nos aferrabamos como talvez o inicio dunha nova etapa máis prometedora para o Cineclube. A memoria de 2005 deixa claro que o proceso seguiu sendo lento:

Os continuos atrasos na posta en marcha normalizada do Auditorio Municipal de Ourense, institución dependente da Concellaría de Cultura ourensá que comezou a funcionar a mediados do ano, pero de forma moi provisoria, fixeron imposíbeis os intentos de pór novamente en actividade o Cineclube Padre Feijoo, dado que as outras posibilidades no referente a un local onde efectuar as proxeccións estaban desbotadas: o Teatro Principal aduciu falta de datas libres, e o salón de actos da Casa da Cultura continúa no estado lamentable no que estaba, e co mesmo problema de falta de repostos para os anticuados aparellos de proxección. Aínda que se contaba desde había meses co compromiso de cesión da sala para as actividades, durante todo o ano non chegou a concretarse —a pesar de o Cineclube apremiar continuamente— o convenio entre Cineclube e Concello que permitise desenvolver unha actividade regularizada no Auditorio.

Así as cousas, só houbo unha excepción, que parecía un comezo despois de tan longa espera: puido finalmente levarse a cabo no Auditorio Municipal o ciclo «Cinema e Banda Deseñada», en colaboración coa Casa da Xuventude de Ourense (dentro das XVII Xornadas de Banda Deseñada, a comezos de outubro). A intención do Cineclube era que estas proxeccións servisen para comprobar as posibilidades técnicas das salas, a práctica do persoal do centro (princiante neste terreo da

exhibición cinematográfica) e en xeral a nova dinámica de xestión da actividade (a loxística das sesións), máxime tendo en conta o precedente falido dun pequeno ciclo cinematográfico encargado polo propio Auditorio para un congreso, que finalmente houbo de ser suspendido (nas propias sesións) pola inexistente publicidade que a organización fixo deste.<sup>15</sup>

Malia terse comezado a elaboración dunha programación para os últimos meses do ano, houbo de ser desbotada por non chegar a se concretaren todas as cuestións formais pertinentes. A esperanza de que o ano 2006 depare mellores perspectivas non oculta a decepción pola ínfima actividade que se puido desenvolver a causa da falta de infraestruturas neste ano do trixésimo quinto aniversario do Cineclube Padre Feijoo.

O 2005 foi, pois, un mal ano para o Cineclube, porque tivemos pararse completamente a actividade, e por riba descubrimos que a alternativa do Auditorio non ía ser factible: o feito de que a localización do Auditorio (tan preto do centro pero ao mesmo tempo tan lonxe de todo) nos restase público era o de menos; vimos que non se contaba co persoal adecuado para a realización das proxeccións, que non había intención de que iso fose cambiar, e, sobre todo, que non había visos de que se fose a estabilizar unha colaboración mediante algún tipo de convenio.

Vendo un aparente cambio de actitude por parte da Delegación de Cultura da Xunta (eran os tempos do bipartito), presentámoslle ao delegado un orzamento semellante ao do proxecto «Cine Concello», pero con datos actualizados. Como ben se pode adiviñar, os resultados foron similares aos obtidos ata o momento: o silencio administrativo.

Sen sala fixa para levar a cabo unha programación estable, houbo que cambiar de estratexia. O novo enfoque era conseguir financiamento

---

<sup>15</sup> Non quero deixar de facer constar o tremendo fiasco que supuxo para nós ver como o esforzo posto na organización daquel pequeno ciclo (novamente, cos custos axustados para facelo posible) quedaba nunhas sesións anuladas pola simple razón de non podermos utilizalas como actividade directa do Cineclube: houbo que deixalas supeditadas á organización daquel congreso, Termatalia, onde só eran un recheo de programación sen comunicación coa cidadanía. Aquilo en realidade foi o preludio do tipo de cousas que iamos encontrar nos intentos de programar no Auditorio.

para ciclos de tres ou catro películas, e volver poñer en funcionamento o acordo co Cine Dúplex, segundo o cal non se nos cobraba alugueiro e o importe íntegro das entradas eran para o cine (é dicir, non eran as cotas de socio as que pagaban os custos, senón as diversas entidades que as patrocinaban; a parte negativa é que iso só nos permitía programar un número limitado de títulos, e non facer sesións semanais, como era o desexable). Iso foi o que fixemos en 2006: no primeiro semestre organizouse, en colaboración con Amnistía Internacional, o ciclo «Cinema e dereitos humanos», integrado por tres filmes; a finais de ano, na mesma sala, organizouse outro pequeno ciclo titulado «Cinema actual», coa colaboración de diversas entidades (o filme *The Road to Guantánamo* contou, ao día seguinte, cunha charla con dous dos protagonistas da historia que inspira a película, Rhuhel Ahmed e Shafiq Rasul, en colaboración co grupo local de Amnistía Internacional).

A mesma política seguiu-se no ano 2007, co novo inconveniente do peche do Cine Dúplex por xubilación do dono. Despois dun derradeiro ciclo («Novas olladas: do *thriller* ao fantástico. Xéneros revisados»), no primeiro trimestre), a única opción que nos quedaba eran os Cinebox (nome da cadea que se fixera cargo dos anteriormente chamados cines Lauren, hoxe Cines Ponte Vella).

A primeira negociación foi un fracaso, e pensei que verdadeiramente chegara o final do Cineclub, porque xa non vía máis saídas. Naqueles momentos, ademais, desde a dirección da Biblioteca esixíusenos a devolución das chaves da cabina e da sala, por considerar que era unha

**CINECLUB PADRE PIÑERO**  
**Amnistía Internacional**  
ONGD 10001. DE GALICIA

**II CICLO DE CINEMA e DEREITOS HUMANOS**

Os dereitos da muller: **Senegal**  
**Madame Brouette**  
Dirixida por Seno, Senegal, 2002  
**Festival de Berlín 2002. Súa de Prata á mellor muller**  
 Cine Dúplex | xoves 27 de abril | 20.30 e 23 h

**INVESTIDA EN OURENSE?**

O tráfico de armas: **Lago Vitoria**  
**La pesadilla de Darwin**  
Dirixida por Fábrizo Ayres, 2004  
**Buenos Aires 2005. Premio ao mellor documental**  
 Cine Dúplex | xoves 4 de maio | 20.30 e 23 h

**INVESTIDA EN OURENSE?**

As zonas de conflito: **Palestina-Israel**  
**Paradise Now**  
Dirixida por Christian Zentgraf, 2005  
**Festival de Berlín 2005. Premio Áureo**  
**Buenos Aires 2005. Premio Áureo**  
 Cine Dúplex | xoves 11 de maio | 20.30 e 23 h

**OURENSE, ABRIL-MAIO 2006**

Co apoio de

**FEDERACIÓN DE CONCELLEIRAS DE GALICIA** **CONCELLO DE OURENSE** **CONCELLO DE SARRIA**

patrocinado por **Cine Dúplex** **2,50 eur** **V.O.S.**

Cartel do II Ciclo de Cinema e Dereitos Humanos, en colaboración con Amnistía Internacional e co Cine Dúplex, en abril e maio de 2006

auténtica irregularidade que nós tivésemos chaves dun edificio público (e certamente se podía considerar irregular, pero era a única solución se a Administración non contrataba persoal propio que se encargase de abrir e pechar as portas en horarios non laborais, que eran os que se utilizaban principalmente nas actividades cineclubistas). Quedaba, pois, mesmo en perigo a propia utilización da sala da rúa Concello se quixésemos intentar algún tipo de proxección, aínda que non fose en 35 mm.

Foi a mediados nesa segunda metade de 2007 cando, por razóns persoais e profesionais, fun eu o que seguiu a tónica de tantos outros directivos —de tantos ourensáns, en xeral—, e marchei da cidade. Ter que deixar o Cineclube naquela situación era algo moi frustrante. Temín que aquel fose o final de toda a historia. Non acababa de entender cal era o problema, se era incompreensión, deixadez ou directa animadversión por parte das autoridades. Consideraba sinceramente que as nosas actividades non podían considerarse «perigosas» para ninguén —ou, polo menos, non máis que calquera outra actividade sociocultural—, non eran esencialmente caras —dado que, salvo o investimento en infraestrutura, naquel momento inasumible para nós, demostráramos que era posible desenvolvelas en moi boa medida con medios propios— e contaban co interese activo dunha nada desdeñable parte da cidadanía ourensá. Porén, habendo catro salas de titularidade pública en que se podían desenvolver (tres no Auditorio e a do Teatro Principal), non había forma de desenvolver unha programación minimamente estable. Chega un momento en que un acaba por dalo por imposible.

Sorpresivamente, cando parecía que non quedaban saídas, abriuse unha nova esperanza. Un tempo despois de dicirnos que non, a xerencia dos Cinebox cambiou de idea e aceptou un acordo semellante ao mantido cos Duplex. Malia eu marchar da cidade, non abandonei o Cineclube (seguín coordinando boa parte da actividade, preparando carteis, folletos, follas de sala e notas de prensa ata acabar 2010). A xestión da actividade *in situ* quedou xa en mans de Manuel Precedo, coa axuda doutros directivos que se foran incorporando nos últimos anos, como Óscar Iglesias. Precedo contaba, entre outras cousas, cun coñecemento moi preciso da maquinaria administrativa do Concello, dado que el mesmo é funcionario, e iso permitiálle saber cales eran as teclas que pulsar para que o Cineclube optase a axudas e subvencións. Así, continuouse

coa colaboración co Cinebox, empregándose nalgunha ocasión tamén o salón de actos da Casa da Cultura, e, xa en xestións encabezadas por Manuel, comezáronse a negociar novas posibilidades de remodelación e reequipamento da sala, coa adquisición de materiais do Cine Dúplex. Esas xestións, afortunadamente, acabaría desembocando anos despois na rehabilitación que coñecemos hoxe.

Manuel, pola súa parte, foi comezando tamén a estender a actividade cineclubista a outros ámbitos non tan necesitados da proxección con formatos cinematográficos estritamente falando. Aínda que sempre fixeramos moito fincapé na diferenciación de calidades e en rexeitar a videoproxección (salvo casos moi concretos), o certo é que os sistemas de vídeo melloraran sensiblemente e xa comezaba a ser posible facer cousas medianamente semellantes ao cinema profesional con DVD e Blu-ray. Así sumáronse outras actividades e colaboracións aos ciclos desenvolvidos no Cinebox. Estes ciclos foron conseguindo, ademais, cada vez mellores condicións económicas, dado o grande éxito que comezou a ter a unión dunha programación cineclubista coidada e uns métodos de proxección de calidade (os mesmos que a xente xa disfrutaba nas sesións comerciais, que deixaban a anos luz as calidades con que contaban os minicines xurdidos nos oitenta). Chegou así un momento en que se conseguiu negociar novos acordos, de forma que o acadado nas entradas xa non era só para os cines, senón que se repartía co Cineclube, o que foi influíndo moi positivamente na saúde financeira do Padre Feijoo. A finais de 2010, por fin, a nova dirección do Festival de Cine considerou conveniente unha verdadeira colaboración co Cineclube na súa programación habitual, e aí comezou unha nova etapa na que eu definitivamente deixei o meu posto (non sen gran pesar) e convencín a Manuel para que tomase a remuda da presidencia do Cineclube.

Era unha cuestión que levabamos moitos anos preguntándonos: por que había un público para o Festival de Cine (disposto a ver fitas exóticas subtituladas, por exemplo) pero só unha pequena parte dese público era o que asistía ás actividades do Cineclube? Certo que habería unha porción da audiencia que se movería por puro snobismo, pero non podía ser a totalidade. O momento en que se conectou a maquinaria publicitaria do festival coa forza propia do Cineclube, producíronse as sinerxías que por lóxica parecía que tiñan que ocorrer: chegar a ter público para facer tres sesións en vez de dúas, por exemplo.

A pesar do grande éxito de público e as melloras económicas logradas, seguiu sen ser unha época fácil. De todos é sabido que a posterior creba da cadea Cinebox deixou sen lle pagar unha importante cantidade de diñeiro ao Cineclub. <sup>16</sup> Alén diso, o esforzo posto na recuperación da sala da Casa da Cultura, con compra finalmente de novos proxectores (un deles dixital<sup>17</sup>) e novo equipamento (butacas, pantalla, son) segue agora en perigo. Todo por culpa dunha Administración que —en todos os seus niveis: local, provincial e autóxico— non foi en ningún modo previsora, e que continúa sen comprender o capital que supón a existencia e a actividade continuada dun cineclub, mesmo aínda que leve aí, contra vento e marea, máis de medio século.<sup>18</sup>

## A modo de conclusión

Unha das actividades de celebración deste cincuenta aniversario en 2020 foi a proxección do filme *Talking About Trees* (Suhaid Gasmelbari, Francia-Sudán-Chad, 2019). Recoñezo que a idea dun documental sobre un cineclub en Sudán non era o que máis me atraía aquela tarde e asistín principalmente por militancia. Pero vendo o filme entendín

---

16 Pode accederse a máis información ao respecto no blog «Sala de máquinas» do Cineclub: <https://salademaquinas.wordpress.com/2013/09/02/o-cinebox-de-setembro>.

17 Trátase dun proxector semiprofesional, non dunha unidade DCP como nas salas comerciais, pero consegue unhas calidades case equiparables a estas a partir de Blu-ray. É curioso como o paradigma de proxección cambiou, contra todo prognóstico, en cousa de catro ou cinco anos. Na época da que falo, non había posibilidade de maior calidade que os 35 mm; sabíase que comezaba a haber proxectores dixitais de calidade equiparable, pero o seu prezo era tan desorbitado que non parecía un cambio de estándar alcanzable en moitos anos. No entanto, a chegada do cinema en 3D precipitou a mudanza ao formato dixital practicamente en todas as salas (entre 2009 e os primeiros anos da década seguinte), e deixou o celuloide case como unha curiosidade. Coñecendo todo o que custou que se normalizase en Ourense simplemente a existencia de son estereofónico nas salas (durante anos, só o Pequeno Cine contaba con semellante adiando), nada facía supoñer que o cambio fose a ser tan rápido tamen na nosa cidade. Afortunadamente, o momento colleu o Cineclub nunha boa situación económica, porque moi poucos anos antes sería impensable investir no custo dun proxector dixital profesional ou semiprofesional.

18 O convenio coa Deputación do 30 de decembro de 2022 para o uso do Teatro Principal pode supor a primeira grande excepción a este respecto.



resados en que desapareza), pero finalmente conseguen, contra vento e marea, poñer en marcha a máquina e facer o traxecto á cidade veciña. A pesar de todo o que tiveron en contra, que estivo a punto de facer fracasar o intento, o tren consegue chegar ao destino e todos os veciños celebran o logro.

Nese espírito de que, con tesón e traballo, o colectivo pode chegar a poñer en marcha unha maquinaria tan pesada coma un tren, vexo moi reflectido o esforzo de sacar adiante o Cineclube (xa confesei antes que hai algo polo que inconscientemente relaciono as máquinas de cinema coas de tren). Esa celebración colectiva tamén estivo aí sempre no cineclubismo, e a emoción de sacar adiante cada unha das proxeccións, malia a multitude de problemas que podían xurdir (desde un fusible fundido, imposible de conseguir a esa hora, ata unha copia que non é a correcta, chegada por equivocación), é un recordo que para min permanecerá imborrable. Enorgulléceme a miña experiencia no Cineclube Padre Feijoo, compartida con Alfonso Blanco, Alberto Llorente, Manuel Aiám, Manuel Precedo e todas as demais persoas que pasaron canda min pola directiva, e probablemente haxa poucas cousas que estrañe máis que seguir na súa organización. Sigo crendo que o asociacionismo, que dunha forma ou outra ten sido parte do meu quefacer desde hai anos, é unha valiosísima arma; unha arma de construción política, desa política do día a día que todos podemos ver e entender, e que nada ten que ver con intrigas partidistas senón coa realidade tanxible da nosa vida cotiá e do noso benestar social e cultural. Creo que a cultura se vive doutra forma cando a súa organización tende á horizontalidade (neste caso, o participante desfruta da obra cinematográfica canda os organizadores, que están sentados con el), e un cineclub é unha das máximas expresións desa forma de entender as cousas. Por todo isto e moito máis, espero que o Cineclube Padre Feijoo siga aí por moito tempo e coa saúde que merecen as institucións construídas desde a base.

*A Coruña, marzo de 2023*



## ANEXO 1. MEMORIAS DO CINECLUBE PADRE FEIJOO<sup>1</sup>

### ANOS 1995 E 1996

[En outubro de 1995, despois do lapso duns meses ocasionado pola crise na anterior directiva, o Cineclube volve á actividade]

Como cada ano, desde a súa fundación en 1970, o propósito do Cineclube Padre Feijoo en 1996 foi ofrecer á cidade de Ourense unha programación cinematográfica estable á marxe dos circuitos especificamente comerciais, traendo á cidade aquelas películas que, por unha razón ou por outra, non poderían ser visionadas doutro xeito polos ourensáns.

A política deste Cineclube segue sendo a de amosar bo cinema semana tras semana, e non restrinxir as súas actividades a ciclos programados para determinadas épocas do ano. Isto non obsta para que a nosa entidade fíxese varios ciclos especiais para 1996 (Cinema clásico francés, Cinema infantil, Cinema e Banda Deseñada, Cinema Cubano).

O propósito neste 96 foi dar un pulo decidido ás actividades cinematográficas do Cineclube mediante unha maior publicidade; partiuse dun cambio de imaxe gráfica do cineclube a través dos folletos e carteis das películas semanais, e adoptouse unha comunicación continuada coa prensa e radio locais a través de notas de prensa semanais con comentarios das películas correspondentes.

### PROXECCIONS — CC: Casa da Cultura

#### PROGRAMACIÓN SEMANAL

##### Outubro de 1995

5/10/1995, 20.30, CC

*Vania en la Calle 42 (Vanya on 42nd Street, Reino Unido – EUA, 1994), Louis Malle.*

11/10/1995, 20.30 e 23.00, CC

*El amor después del mediodía (L'amour l'après-midi, Francia, 1972), de Eric Rohmer [16 mm].*

19/10/1995, 20.30, CC

*La verdadera naturaleza del amor (Love and human remains, Canadá, 1993), Denys Arcand.*

---

<sup>1</sup> Os textos reproducen os que se incluíron orixinalmente nas memorias anuais da sociedade; algunhas delas están dispoñibles na antiga web do Cineclube —da que existe unha copia en liña en <http://www.geocities.ws/cineclubepfejoo>—, e outras, na web da Federación de Cineclubes de Galicia (<http://www.feciga.org>). Polo que respecta ás listaxes de actividades e filmes proxectados, efectúouse unha homoxeneización dos datos, e nalgúns casos corrixíuse ou actualizouse a información. Os títulos indícanse no idioma da versión proxectada (normalmente, con subtítulos en castelán) e mais o título orixinal. Salvo cando se indica o contrario, as proxeccións foron feitas en formato profesional, 35 mm.

26/10/1995, 20.30 e 23.00, CC

*La pasión de Juana de Arco (La passion de Jeanne d'Arc, Francia, 1928), Carl Theodor Dreyer [16 mm].*

### Novembro de 1995

2/11/1995, 20.30, CC

*Caro diario (Italia, 1994), Nanni Moretti.*

9/11/1995, 20.30 e 23.00, CC

*El ángel azul (Der Blaue Engel, Alemaña, 1930), Josef von Sternberg [16 mm].*

16/11/1995, 20.30, CC

*Principio y fin (México, 1994), Arturo Ripstein.*

23/11/1995, 20.30 e 23.00, CC

*Tabú (Tabu, EUA, 1931), F. W. Murnau e Robert J. Flaherty [16 mm].*

30/11/1995, 20.30, CC

*La vida de bohemia (La vie de bohème, Francia-Italia-Suecia-Finlandia, 1992), de Aki Kaurismäki.*

### Dicembro de 1995

7/12/1995, 20.30 e 23.00, CC

*La kermesse heroica (La kermesse heroïque, Francia, 1935), de Jacques Feyder [16 mm].*

14 e 15/12/1995, 20.30, CC

*A través de los olivos (Zire darakhatan zeyton, Irán-Francia, 1994), Abbas Kiarostami.*

21/12/1995, 20.30 e 23.00, CC

*Sopa de ganso (Duck Soup, EUA, 1933), Leo McCarey [16 mm].*

### Xaneiro de 1996

11/1/1996, 20.30 e 23.00, CC

*Salto al vacío (España, 1995), Daniel Calparsoro.*

18/1/1996, 20.30 e 23.00, CC

*La ronda (La ronde, Francia, 1950), Max Ophüls [16 mm].*

25/1/1996, 20.30 e 23.00, CC

*Bad Lieutenant (EUA, 1992), Abel Ferrara.*

### Febreiro de 1996

1/2/1996, 20.30 e 23.00, CC

*El delator (The Informer, EUA, 1935), John Ford [16 mm].*

8/2/1996, 20.30 e 23.00, CC

*La muerte de un burócrata (Cuba, 1966), Tomás Gutiérrez Alea.*

15/2/1996, 20.30 e 23.00, CC

*Así es la aurora (Cela s'appelle l'aurore, Francia-Italia, 1955), Luis Buñuel [16 mm].*

22/2/1996, 20.30 e 23.00, CC

*Les rendez-vous de Paris (Francia, 1995), Eric Rohmer.*

29/2/1996, 20.30 e 23.00, CC

*El sol del membrillo (España, 1991), Víctor Erice.*

### Marzo de 1996

7/3/1996, 20.30 e 23.00, CC

*La mujer infiel (La femme infidèle, Francia-Italia, 1968), Claude Chabrol [16 mm].*

14/3/1996, 20.30, CC

*El valle de Abraham (Vale Abraão, Portugal-Francia-Suíza, 1993), Manoel de Oliveira.*

21/3/1996, 20.30, CC

«Noite do terror»: *El conde Drácula (Nachts, wenn Dracula erwacht, España-Alemaña-Italia-Reino Unido,*

- 28/3/1996, 20.30 e 23.00, CC
- Abril de 1996**
- 11/4/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 18/4/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 25/4/1996, 20.30 e 23.00, CC
- Maiο de 1996**
- 2/5/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 9/5/1996, 20.30 e 23.00, CC –
- 16/5/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 23/5/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 30/5/1996, 20.30 e 23.00, CC
- Xuño de 1996**
- 6/6/1996, 20.30 e 23.00, CC
- Outubro de 1996**
- 17/10/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 31/10/1996, 20.30 e 23.00, CC
- Novembro de 1996**
- 14/11/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 21/11/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 28/11/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 5/12/1996, 20.30 e 23.00, CC
- 1969), Jesús Franco [16 mm]; e *Nosferatu (Nosferatu, eine Symphonie des Grauens*, Alemaña, 1922), F. W. Murnau [16 mm].
- Con la muerte en los talones (North by Northwest*, EUA, 1959), Alfred Hitchcock [16 mm].
- Campanadas a medianoche (Chimes at Midnight*, España-Suíza, 1965), Orson Welles [16 mm].
- Ed Wood* (EUA, 1994), Tim Burton.
- Exótica (Exotica*, 1994), Atom Egoyan.
- El otro señor Klein (Monsieur Klein*, Francia-Italia, 1976), Joseph Losey [16 mm].
- Before the Rain* (Macedonia – Francia – Reino Unido, 1994), Milcho Manchevski.
- El relojero de Saint-Paul (L'horloger de Saint-Paul*, Francia, 1974), Bertrand Tavernier [16 mm].
- El amor es más frío que la muerte (Liebe ist kälter als der Tod*, Alemaña, 1969), R. W. Fassbinder [16 mm].
- Max y los chatarreros (Max et les ferrailleurs*, Francia-Italia, 1971), Claude Sautet [16 mm].
- El amigo americano (Der Amerikanische Freund*, Alemaña-Francia, 1978), Wim Wenders [16 mm].
- Cyclo (Xích lô*, Vietnam-Francia, 1995), Tran Anh Hung.
- El almuerzo desnudo (The Naked Lunch*, Canadá – Xapón – Reino Unido, 1991), David Cronenberg.
- Otelo (Othello*, EUA-Italia-Francia-Marrocos, 1952) (versión restaurada), Orson Welles.
- La marcha nupcial (The Wedding March*, EUA, 1927), Erich von Stroheim [16 mm].
- La carnaza (L'appât*, Francia, 1995), Bertrand Tavernier.
- Malina* (Alemaña-Austria, 1991), Werner Schroeter [16 mm].

## Decembro de 1996

- 12/12/1996, 20.30, CC *Underground* (Iugoslavia-Francia-Alemaña-Hungría, 1995), Emir Kusturica.
- 19/12/1996, 20.30 e 23.00, CC *Tesis* (España, 1996), Alejandro Amenábar.

## PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

### Conmemoración do centenario do cinema

28/12/1995, CC, desde a mañá á noite:

- Maratón de vídeo-cine (*El ladrón de bicicletas* [*Ladri di biciclette*, Italia, 1948], Vittorio De Sica; *Los cuatrocientos golpes* [*Les quatre cents coups*, Francia, 1959], François Truffaut; e *Ser o no ser* [*To Be or Not to Be*, EUA, 1942], Ernst Lubitsch) [vídeo].
- *El héroe del río* (*Steamboat Bill Jr*, EUA, 1928), Charles Reisner [16 mm].
- *Avaricia* (*Greed*, EUA, 1924), Erich von Stroheim [16 mm].
- *Ciudadano Kane* (*Citizen Kane*, EUA, 1941), Orson Welles.

### Ciclo de cinema clásico francés

- 10/6/1996, 20.30 e 23.00, CC *Las damas del Bosque de Bolonia* (*Les Dames du Bois de Boulogne*, Francia, 1945), Robert Bresson [16 mm].
- 11/6/1996, 20.30 e 23.00, CC *Ascensor para el cadalso* (*Ascenseur pour l'échafaud*, Francia, 1957), Louis Malle [16 mm].
- 12/6/1996, 20.30 e 23.00, CC *Los visitantes del atardecer* (*Les visiteurs du soir*, Francia, 1942), Marcel Carné [16 mm].
- 13/6/1996, 20.30 e 23.00, CC *Juliette o la llave de los sueños* (*Juliette ou la clef des songes*, Francia, 1950), Marcel Carné [16 mm].
- 14/6/1996, 20.30 e 23.00, CC *El diablo cojo* (*Le diable boiteux*, Francia, 1948), Sacha Guitry [16 mm].

### Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das VIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

En colaboración coa Casa da Xuventude

- 5/10/1996, 20.00, CC *Torpedo: Tic-tac* (España, 1995), Juan Antonio Rojo [vídeo]; *Érase otra vez* (1.ª parte) (*Il était un fois...*, Francia, 1995), Francis Nielsen [vídeo].
- 7/10/1996, 20.00, CC *El mundo de Robert Crumb* (*Crumb*, EUA, 1994), Terry Zwigoff [vídeo].
- 9/10/1996, 20.00, CC «Homenaxe a Winsor McCay»: *Gertie the Dinosaur* (EUA, 1909), Winsor McCay [16 mm]; *The Sinking of the Lusitania* (EUA, 1918), Winsor McCay [16 mm]; e *El pequeño Nemo* (*Little Nemo: Adventures in Slumberland*, Xapón-EUA, 1993), Masami Hata, Masanori Hata e William T. Hurtz.

- 10/10/1996, 20.00 e 23.00, CC *Porco Rosso (Kurenai no buta, Xapón, 1994)*, Hayao Miyazaki.
- 12/10/1996, 20.00, CC *Érase otra vez (2.ª parte) (Il était un fois..., Francia, 1995)*, Francis Nielsen [vídeo].

### Cinema cubano inédito

- 21/10/1996, 20.30 e 23.00, CC *Mediametraxes: La ola (Cuba, 1995)*, Enrique Álvarez; e *Madagascar (Cuba, 1994)*, Fernando Pérez.
- 22/10/1996, 20.30 e 23.00, CC *Derecho de asilo (Cuba, 1995)*, Octavio Cortázar.
- 24/10/1996, 20.30 e 23.00, CC *El elefante y la bicicleta (Cuba, 1994)*, Juan Carlos Tabío.

### PROXECCIONS ESPECIAIS

#### Ciclo de cinema infantil

- 26/12/1995, CC *Solo en casa (Home Alone, 1990)*, Chris Columbus [16 mm].
- 27/12/1995, CC *La señora Doubtfire (Mrs Doubtfire, 1993)*, Chris Columbus [16 mm].
- 28/12/1995, CC *El héroe del río (Steamboat Bill Jr, EUA, 1928)*, Charles Reisner [16 mm].
- 29/12/1995, CC *Las aventuras del barón Munchausen (The Adventures of Baron Munchausen, Reino Unido – Alemaña, 1988)*, Terry Gilliam [16 mm].
- 30/12/1995, CC *Las aventuras originales de Superman (EUA, 1943)*, Max e Dave Fleischer [16 mm].

### ANO 1997

O ano 1997, coas temporadas 26.<sup>a</sup> e 27.<sup>a</sup>, pasará á historia do Cineclub polo cambio de sala de proxeccións desde a tradicional da Casa da Cultura á recentemente equipada do Teatro Principal. Este cambio, en principio alternando sesións nas dúas salas, rematou coa utilización da Casa da Cultura, xa a fins do ano, só para actividades puntuais: o estado dos seus dous proxectores, xa auténticas pezas de museo, fixo que as sesións en 35 mm tivesen que ser trasladadas —incluso variando o tradicional día do Cineclub, o xoves— ó magnífico equipo do Principal. Non cabe dúbida do notable incremento de público que supuxo o cambio de sala, mellor localizada e indiciblemente mellor cuidada —un pequeno record produciuse na sesión de *La Mirada de Ulises*, con case 150 espectadores— e, sen embargo, este non foi economicamente un bo ano para o Cineclub: a oficina-almacén que a entidade ocupaba desde finais dos 70 houbo de ser desaloxada en verán por problemas no pagamento do aluguer, e os custes das películas non foron cubertos totalmente polas cotas de socio e as pequenas subvencións concedidas, o que fixo que no comezo da temporada 97/98 houbese máis dunha dúbida sobre a continuidade do Padre Feijoo. A presenza nos medios de comunicación e o panorama cultural da cidade, así como o cuidado da imaxe do Cineclub —xa asentado definitivamente o novo logotipo— foron de novo dous aspectos nos que a directiva puxo especial empeño. O achegamento da dirección do Festival de Cinema da cidade (OFF) ó Cineclub ó final do ano parece querer dicir que eses empeños foron por bo camiño, volvendo a situar a entidade no lugar que, dada a súa veteranía, lle corresponde.

**PROGRAMACIÓN SEMANAL**

**Xaneiro de 1997**

18/1/1997, 20.30 e 23.00, CC

Curtametraxes de Wim Wenders: *Silver City Revisited* (Alemaña, 1969) [16 mm]; *Chambre 666* (Francia-Alemaña, 1982) [16 mm]; *Reverse Angle: Letter From New York* (Francia-EUA-Alemaña, 1983) [16 mm].

23/1/1997, 20.30 e 23.00, CC

*El hombre de las estrellas (L'uomo delle stelle*, Italia, 1995), Giuseppe Tornatore.

30/1/1997, 20.30 e 23.00, CC

*El jorobado de N.ª S.ª de París (The Hunchback of Notre Dame*, EUA, 1923), Wallace Worsley [16 mm].

**Febreiro de 1997**

6/2/1997, 20.30 e 23.00, CC

*Vivir rodando (Living in Oblivion*, EUA, 1995), Tom DiCillo.

13/2/1997, 20.30, TP

*Prospero's Books* (Holanda-Francia-Italia, 1991), Peter Greenaway.

20/2/1997, 20.30 e 23.00, CC

*El testamento del Dr. Mabuse (Das Testament des Dr. Mabuse*, Alemaña-Francia, 1932), Fritz Lang [16 mm].

25/2/1997, 20.30 e 23.00, TP

*La mujer del puerto* (México, 1991), Arturo Ripstein.

**Marzo de 1997**

6/3/1997, 20.30 e 23.00, CC

*El hombre del sur (The Southerner*, EUA, 1945), Jean Renoir [16 mm].

12/3/1997, 20.30 e 23.00, TP

*Mallrats* (EUA, 1996), Kevin Smith.

20/3/1997, 20.30 e 23.00, CC

*La mujer zurda (Die Linkshändige Frau*, Alemaña, 1977), Peter Handke [16 mm].

**Abril de 1997**

3/4/1997, 20.30 e 23.00, TP

*Cuento de verano (Conte d'été*, Francia, 1995), Eric Rohmer.

10/4/1997, 20.30 e 23.00, CC

*Relámpago sobre el agua (Nick's Film - Lightning Over Water*, Suecia-Alemaña, 1980), Wim Wenders [16 mm].

16/4/1997, 20.30, CC

*Secretos y mentiras (Secrets & Lies*, Gran Bretaña - Francia, 1996), Mike Leigh.

**Mai de 1997**

8/5/1997, 20.30 e 23.00, CC

*Sostiene Pereira (Afirma Pereira*, Italia-Francia-Portugal, 1995), Roberto Faenza.

15/5/1997, 20.30 e 23.00, CC

*Las aventuras del Barón Münchhausen (Münchhausen*, Alemaña, 1943), Josef von Báký [16 mm].

22/5/1997, 20.30, CC

*Europa, Europa (Hitlerjunge Salomon / Europa, Europa, Francia-Alemaña, 1989), Agnieszka Holland [16 mm].*

29/5/1997, 20.30, TP

*La mirada de Ulises (To Vlemma tou Odyssea, Grecia-Francia-Italia, 1995), Theo Angelopoulos.*

### **Outubro de 1997**

16/10/1997, 20.30 e 23.00, CC

*Dead Man (EUA-Alemaña-Xapón, 1996), Jim Jarmusch.*

23/10/1997, 20.30, TP

*El tiempo de los gitanos (Dom za vesanje, Iugoslavia – Italia – Reino Unido, 1988), Emir Kusturica [dentro das III Xornadas contra o Racismo, organizadas pola Casa da Xuventude].*

30/10/1997, 20.30 e 23.00, CC

*The Addiction (EUA, 1995), Abel Ferrara.*

### **Novembro de 1997**

13/11/1997, 20.30 e 23.00, TP

*Capitán Conan (Capitaine Conan, Francia, 1996), Bertrand Tavernier.*

### **Decembro de 1997**

3/12/1997, 20.30 e 23.00, TP

*La tregua (Italia-Francia-Alemaña-Suíza, 1996), Francesco Rosi.*

11/12/1997, 20.30 e 23.00, TP

*Un verano en La Goulette (Un été à La Goulette, Tunisia-Francia-Bélxica, 1995), Férid Boughèdir.*

18/12/1997, 20.30 e 23.00, TP

*Kansas City (EUA-Francia, 1996), Robert Altman [proxección suspendida por falta de fluído eléctrico].*

## **PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA**

### **Cinema e banda deseñada**

Dentro do programa das IX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

En colaboración coa Casa da Xuventude

7/10/1997, 20.00, CC

*El Príncipe Valiente (Prince Valiant, EUA, 1954), Henry Hathaway [vídeo].*

8/10/1997, 20.00, CC

*Curtametraxes: Akelarre (Galicia, 1996), EIS Coruña; e La aceituna sangrienta (The Bloody Olive, Bélxica, 1996), Vincent Bal [vídeo].*

9/10/1997, 20.00, CC

*Tank Girl (EUA, 1995), Rachel Talalay.*

## **PROXECCÍONS ESPECIAIS**

### **Día Internacional da Sida**

Organizado pola Concellería de Sanidade do Concello de Ourense

12/11/1997, 12:00, CC; 20.30, TP

*La niña de tus sueños (España, 1995), Jesús R. Delgado.*

## «Muestra de Artes Audiovisuales: Videocreación e Infografía 1996», do Injuve

Instituto de la Juventud; coorganizado coa Casa da Xuventude

16/12/1997, 20.30, CC

Curtametraxes seleccionadas no Certame [vídeo U-Matic LB]

### ANO 1998

O que parecía ser a solución ós males que aqueixaban o Cineclub, a proxección nunha sala ben equipada como o Teatro Principal, truncouse finalmente co final da Temporada 97-98. O cambio de actitude da xerencia do Teatro obrigou a voltar á sala da rúa Concello, na Casa da Cultura, salvo excepcións. Isto supuxo a necesidade de ralentizar o ritmo das sesións, que se chegaron a paralizar de modo preventivo no mes de decembro, dada a menor afluencia de público, impedimento para a mínima rendibilización dos gastos de proxección. O balance, sen embargo, e malia o futuro incerto que se presenta para iniciar o 99, resulta ser bastante positivo no que a actividades realizadas se refire. Abonde lembrar o ciclo realizado en colaboración coa Concellería de Cultura do Concello de Ourense, proxectando películas de estrea —incluíndo a presentación de *Asaltar los cielos* con presenza do seu director—, ou a inclusión dun representante do Cineclub no «Consello Asesor» do Festival Internacional de Cine Independente de Ourense, sendo teoricamente o Cineclub o encargado da programación dunha sección do Festival, «O nunca visto». O lado negativo seguiu sendo, polo tanto, a falta de verdadeira atención institucional, que non pasou de ser nominal: as cantidades económicas achegadas para cubrir os déficit que indefectiblemente se producen foron mínimas e insuficientes, seguindo outra volta o Cineclub a ter que camiñar pola corda frouxa dos apertadísimos orzamentos, que precisan de constantes auténticos malabarismos para a continuación da actividade dunha das entidades cinéfilas máis veteranas —perto xa do trinta aniversario— de Galicia.

**PROXECCIONS** — TP: Teatro Principal • CC: Casa da Cultura • CD: Cine Dúplex

#### PROGRAMACIÓN SEMANAL

##### Xaneiro de 1998

14/1/1998, 20.30, TP

*Kamasutra (Kama Sutra: A Tale of Love)*, India – Reino Unido – Xapón – Alemaña, 1997), Mira Nair.

21/1/1998, 20.30, TP

*Dobermann* (Francia, 1997), Jan Kounen.

29/1/1998, 20.30, TP

*Palookaville* (EUA, 1997), Alan Taylor.

##### Febreiro de 1998

4/2/1998, 20.30, TP

*Historia de un pobre hombre (Romanzo di un giovane povero)*, Italia-Francia, 1995), Ettore Scola.

##### Marzo de 1998

24/3/1998, 20.30, TP

*Kansas City* (EUA-Francia, 1996), Robert Altman. Presentación de Moncho Lusquiños.



### **Abril de 1998**

23/4/1998, 20.30, 20.00, CC

29/4/1998, 20.30, 20.00, CC

*Louisiana Story* (EUA, 1948), Robert J. Flaherty [16 mm].

*El matrimonio de Maria Braun* (*Die Ehe der Maria Braun*, Alemaña, 1979), Rainer Werner Fassbinder [16 mm].

### **Maio de 1998**

14/5/1998, 20.30, CD

21/5/1998, 20.30, CD

28/5/1998, 20.30, CD

*No va más* (*Rien ne va plus*, Francia-Suíza, 1996), Claude Chabrol. Coa colaboración do Festival de Cine de Ourense.

*En busca de Ricardo III* (*Looking for Richard*, EUA, 1996), Al Pacino. Coa colaboración do Festival de Cine de Ourense.

*El sabor de las cerezas* (*Ta'm e gvilass*, Irán, 1997), Abbas Kiarostami. Coa colaboración do Festival de Cine de Ourense.

### **Outubro de 1998**

13/10/1998, 20.30 e 23.00, CC

22/10/1998, 20.30, CC;

+ 23/10/1998, 20.30, TP

29/10/1998, 20.30, CC;

+ 30/10/1998, 20.30, TP

*El dulce porvenir* (*The Sweet Hereafter*, Canadá, 1997), Atom Egoyan.

*Nubes pasajeras* (*Kauas pilvet karkaavat*, Finlandia, 1996), Aki Kaurismäki.

*Sydney* (*Sydney / Hard Eight*, EUA, 1996), Paul Thomas Anderson.

### **Novembro de 1998**

26/11/1998, 20.30 e 23.00, CC

*La anguila* (*Unagi*, Xapón, 1997), Shohei Imamura.

### **PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA**

13/1/1998, 20.30, TP

*Asaltar los cielos* (España, 1997), Javier Rioyo e José Luis López-Linares. Presentación de Javier Rioyo. Coa colaboración do Festival de Cine de Ourense.

### **Ciclo Pilar Miró**

Organizado para o Concello de Ourense

12/2/1998, 20.30, TP

19/2/1998, 20.30, TP

26/2/1998, 20.30, TP

5/3/1998, 20.30, TP

*Tu nombre envenena mis sueños* (España, 1996), Pilar Miró.

*El pájaro de la felicidad* (España, 1993), Pilar Miró.

*Beltenebros* (España, 1990), Pilar Miró.

*El perro del hortelano* (España, 1996), Pilar Miró.

## Homenaxe ó Neorrealismo Italiano

Coa colaboración do Festival de Cine de Ourense

14/3/1998, 20.30, TP *Roma, città aperta* (Italia, 1945), Roberto Rosellini.  
15/3/1998, 20.30, TP *Celuloide* (*Celluloide*, Italia, 1995), Carlo Lizzani.

## Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das X Xornadas de Banda Deseñada de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude

6/10/1998, 20.30, CC *Las aventuras originales de Superman* (EUA, 1943), Max e Dave Fleischer [16 mm].  
7/10/1998, 20.30, CC «Comiqueiros na B.D.» (curtametraxes): *D.N.I.* (España, 1997), Hernán Migoya [16 mm]; *Ædipus* (España, 1997), Fernando de Felipe [16 mm]; *How to Make Love to a Woman* (EUA, 1993) e *De tripas corazón* (*Push Comes to Shove*, EUA, 1996), Bill Plympton; e *Tonte-rías* (*Foutaises*, Francia, 1989), Jean-Pierre Jeunet e Marc Caro.  
8/10/1998, 20.30, CC *Las aventuras del Príncipe Valiente* (*Prince Valiant*, Irlanda – Alemaña – Reino Unido, 1997), Anthony Hickox.

## PROXECCIONS ESPECIAIS

**Proxección especial do Día da Sida (para institutos)**  
Organizado para o Concello de Ourense

3/12/1998, CC *Que nada nos separe* (*The Cure*, EUA, 1995), Peter Horton.

## ANO 1999

O Cineclub Padre Feijoo seguiu tendo que facer fronte en 1999 aos mesmos problemas que os últimos anos: insuficiencia orzamentaria —que provoca que a Sociedade dependa practicamente en exclusiva das cuotas dos seus socios e socias, estando sempre en perigo de endebedarse por calquera pequeno tropezo— e precariedade material —que obriga a facer as proxeccións no salón de actos da Casa da Cultura, de equipamento hoxe por hoxe realmente inaxeitado e do que mesmo durante dous meses tivemos que prescindir ante a súa cesión a un grupo de teatro—. O apoio da media dun centenar de espectadores e espectadoras que con regularidade asisten ás proxeccións é o verdadeiro acicate para seguir adiante, sobre todo agora que o Cineclub está a punto de cumprir o trinta aniversario; sen embargo, faise indubidablemente necesaria unha axuda seria e regularizada por parte das institucións. A veteranía do Padre Feijoo, xa non só no panorama cultural da cidade de Ourense, senón tamén no de Galicia, merece unha maior atención da que recibe.

Por mor desta falta de atención, este ano puidemos ofrecer poucas sesións dedicadas aos clásicos —que paradoxalmente resultan moito máis caros que as estreas—, pero a programación seguiu resultando suculenta para todo o público afeccionado. O Cineclubbe seguiu apostando polo cinema menos comercial, o máis esquecido polo *mainstream*, abrindo o seu espazo ás cinematografías menos coñecidas e ás películas independentes dos países máis habituais nas carteleiras da nosa cidade.

Como novidade, e para paliar dalgún xeito a dependencia de que os medios de comunicación publiquen adecuadamente as proxeccións, o Cineclubbe entrou este ano na rede, cun enderezo de correo electrónico ([...]), gracias ao que se serven noticias a todos os interesados, e unha páxina web ([...]), desde a que se pode acceder a toda a programación.

## **PROXECCIONS — CC: Casa da Cultura**

### **PROGRAMACIÓN SEMANAL**

#### **Marzo de 1999**

17/3/1999, 20.30 e 23.00, CC

*The Brave* (EUA, 1997), Johnny Depp.

25/3/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Alice y Martin* (*Alice et Martin*, Francia-España, 1998), André Téchiné.

#### **Abril de 1999**

8/4/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Gato negro, gato blanco* (*Chat noir, chat blanc / Black Cat, White Cat*, Francia-Alemaña-lugoslavia, 1998), Emir Kusturica.

#### **Maio de 1999**

13/5/1999, 20.30 e 23.00, CC

*El niño de Mâcon* (*The Baby of Mâcon*, Holanda – Francia – Gran Bretaña – Alemaña, 1993), Peter Greenaway.

6/5/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Cube* (Canadá, 1997), Vincenzo Natali.

20/5/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Happiness* (EUA, 1998), Todd Solondz.

#### **Outubro de 1999**

14/10/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Cuento de otoño* (*Conte d'automne*, Francia, 1998), Eric Rohmer.

21/10/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Próxima parada, Wonderland* (*Next Stop Wonderland*, EUA, 1998), Brad Anderson.

28/10/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Miedo y asco en Las Vegas* (*Fear and Loathing in Las Vegas*, EUA, 1998), Terry Gilliam.

#### **Novembro de 1999**

18/11/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Los herederos* (*The Inheritors / Die Siebtelbauern*, Austria, 1998), Stefan Ruzowitzky.

- 25/11/1999, 20.30 e 23.00, CC *Celebración (Festen – Dogme #1*, Dinamarca, 1998), Thomas Vinterberg.
- 2/12/1999, 20.30 e 23.00, CC *Bulworth* (EUA, 1998), Warren Beatty.

## PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

### Ciclo «Cinema e política»

Coorganizado co Clube Cultural Alexandre Bóveda

- 3/3/1999, 20.30 e 23.00, CC *La madre* (Mat, URSS, 1926), Vsievobod Pudovkin; precedido da curtametraxe *Día de liberdade (Tag der Freiheit*, Alemaña, 1935), Leni Riefenstahl.
- 4/3/1999, 20.30 e 23.00, CC *Cristo se paró en Eboli (Cristo si è fermato en Eboli*, Italia-Francia, 1978), Francesco Rosi.
- 10/3/1999, 20.30 e 23.00, CC *Sierra de Teruel (L'Espoir*, España-Francia, 1939), André Malraux.
- 11/3/1999, 20.30 e 23.00, CC *El tambor de hojalata (Die Blechtrommel*, RFA-Francia-Iugoslavia-Polonia, 1978), Volker Schlöndorff.

### Curtametraxes latinoamericanas inéditas no Estado español

Dentro das V Xornadas Contra o Racismo e a Xenofobia

- 23/9/1999, 20.30 e 23.00, CC *La selva oscura* (Colombia, 1994), Carlos Eduardo Santa García; *¡Ratas!* (Arxentina, 1996), Dieguillo Fernández e Diego M. Sabanés; *Remoto* (Venezuela, 1993), Carlos Villegas; *Histórias de Avá – O Povo Invisível* (Brasil, 1998), Bernardo Palmeiro; *Ella* (Venezuela, 1998), Alejandra Szeplaki; *Jogos* (Brasil, 1995), Mariangela Grando.

### Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

En colaboración coa Casa da Xuventude

- 5/10/1999, 19.00, CC «70 anos de Tintín»: *Tintín en el templo del sol (Tintin et le Temple du Soleil*, Bélxica-Francia-Suíza, 1969), Eddie Lateste [16 mm]; *El misterio de las naranjas azules (Tintin et les oranges bleues*, Francia-España, 1964), Philippe Condroyer [16 mm].
- 6/10/1999, 20.30, CC «Curtametraxes de animación»: *Las aventuras de Pummy: «Polo Norte»* (España, 1998), Fernando Carrión; «*Microfilmes*» (España, 1999); *O rei Quintín* (Galicia, 1999), Estudio Tangaraño [vídeo]. «Comiqueiros no cinema» (curtametraxes): *Amor de madre* (España, 1998), Koldo Serra; *P* (Galicia, 1999), David Rubín [vídeo]. «70 anos de Popeye» (curtametraxes): *Popeye constructor de puentes (Bridge Ahoy!*, EUA, 1936),

Dave Fleisher [16 mm]; *Popeye en la piscina (I Wanna Be a Lifeguard*, EUA, 1936), Dave Fleisher [16 mm]; *Popeye y el billete de lotería (Olive's Sweepstake Ticket*, EUA, 1941), Dave Fleisher [16 mm].

7/10/1999, 20.30 e 23.00, CC

*Jesuita Joe (Jesuit Joe*, Canadá, 1990), Olivier Austen.

## OUTRAS ACTIVIDADES

### Curso de efectos especiais Do 31 de maio ao 4 de xuño

Curso teórico-práctico, impartido polo técnico especialista Ricardo Spencer, cunha duración de 20 horas, nos locais da Casa da Xuventude de Ourense. De prazas limitadas, asistiron dezaseis persoas.

## ANO 2000

O ano 2000 foi para o Cineclube Padre Feijoo o da celebración do seu trixésimo aniversario. Con tal motivo, fixose un esforzo especial na programación con varios ciclos, dando unha especial importancia aos clásicos —o exitoso ‘Clásicos de Ouro’ trouxo á cidade nomeadas películas consagradas que se recuperaron para a gran pantalla—, e sempre coa intención de aportar enfoques e temáticas distintos e orixinais para atraer a novos públicos. A fructífera colaboración con outras institucións, como a Universidade, non evitou sen embargo que a programación habitual seguise supoñendo grandes dificultades económicas para o Cineclube. Dificultades que se viron acrecentadas ante a perspectiva —finalmente solucionada polo momento— de non se atoparen máis repostos para o funcionamento dos vellos proxectores.

Por outra banda, este foi o ano da incorporación definitiva do Cineclube á internet, mediante o seu sitio web, de enderezo [...]), onde se accede a toda a información das actividades da entidade, cun servizo de noticias por correo electrónico. As novas tecnoloxías viñan sendo aplicadas xa para o envío de notas de prensa por e-mail a todos os medios e mais a todos os socios que así o solicitaren.

O Cineclube participou, finalmente, no Festival de Cine de Ourense na mesa redonda que co gallo do seu trinta aniversario se celebrou baixo o epígrafe de «O cineclubismo en Ourense», e que contou co actual presidente, Alberto Llorente, o anterior, Segismundo Bobillo, e o anterior tesoureiro, José Paz.

**PROYECCIONES** — CC: Casa da Cultura

### PROGRAMACIÓN SEMANAL

#### Xaneiro 2000

13/1/2000, 20.30 e 23.00, CC

*En el corazón de la mentira (Au cœur du mensonge*, Francia, 1998), Claude Chabrol.

27/1/2000, 20.30 e 23.00, CC

*Pecker* (EUA, 1998), John Waters.

## Febreiro 2000

3/2/2000, 20.30 e 23.00, CC  
10/2/2000, 20.30 e 23.00, CC

*La vendedora de rosas* (Colombia, 1998), Víctor Gaviria.  
*Rosetta* (Bélxica-Francia, 1999), Luc e Jean-Pierre Dardenne.

17/2/2000, 20.30 e 23.00, CC

*El amor es el demonio (Love is the Devil*, Gran Bretaña, 1998), John Maybury.

## Marzo 2000

9/3/2000, 20.30 e 23.00, CC  
16/3/2000, 20.30 e 23.00, CC

*Under the Sun (Under Solen*, Suecia, 1999), Colin Nutley.  
*The war zone / La zona oscura (The War Zone*, Gran Bretaña, 1998), Tim Roth.

23/3/2000, 20.30 e 23.00, CC

*El viento nos llevará (Bad ma ra khabad bord / Le vent nous emportera*, Francia-Irán, 1999), Abbas Kiarostami.

## Abril 2000

6/4/2000, 20.30 e 23.00, CC

*Nadie está a salvo de Sam (Summer of Sam) (Summer of Sam*, EUA, 1999), Spike Lee.

## Outubro 2000

19/10/2000, 20.30 e 23.00, CC

*El viaje de Felicia (Felicia's Journey*, Reino Unido-Canadá, 1999), Atom Egoyan.

## Novembro 2000

30/11/2000, 20.30 e 23.00, CC

*Los cinco sentidos (The Five Senses) (The Five Senses*, Canadá, 1999), Jeremy Podeswa.

## Decembro 2000

13/12/2000, 20.30 e 23.00, CC

*La ducha (Xi zao*, China, 1999), Zhang Yang.

## PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

### Ciclo «Clásicos de Ouro»

20/1/2000, 20.30 e 23.00, CC

*Freaks / La parada de los monstruos (Freaks*, EUA, 1932), Tod Browning, precedida dunha selección de curtametraxes de Segundo de Chomón (Francia, 1907-1909) [*Le spectre rouge (O espectro vermello*, 1907), *Electric Hotel (Hotel eléctrico*, 1908), *Les vêtements cascadeurs (Transformacións*, 1908), *Equilibristes japonais (Alarde equilibrista*, 1908), *Les Ki ri ki (Xogos chineses*, 1908), *Le déménagement (Unha mudanza difícil*, 1908), *Une poursuite mouvementé (Unha persecución movida*, 1909), *Fantaisie (Fantasía*, 1909), *Voyage au planète Jupiter (Viaxe a Xúpiter*, 1909)].

|                              |  |
|------------------------------|--|
| 24/2/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>La gran ilusión (La grande illusion, Francia, 1937), Jean Renoir.</i>                       |
| 30/3/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>Dies iræ (Vredens Dag, Dinamarca, 1943), Carl Theodor Dreyer.</i>                           |
| 13/4/2000, 20.30, CC         | <i>Rocco y sus hermanos (Rocco e i suoi fratelli, Italia-Francia, 1960), Luchino Visconti.</i> |

### **Ciclo «A Universidade co Cinema»**

Coorganizado co Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, coa colaboración da Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense

|                              |   |
|------------------------------|---|
| 12/4/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>La guerra ha terminado (La guerre est finie, Francia-Suecia, 1966), Alain Resnais.</i> |
| 18/5/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>Mifune (Dogma #3) (Mifune (Dogme III), Dinamarca, 1999), Søren Kragh-Jacobsen.</i>     |
| 25/5/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>Pi (EUA, 1998), Darren Aronofski</i>   |

### **Ciclo «Cinema e Alimentación»**

Coorganizado coa Facultade de Ciencias de Ourense, co apoio de Caixavigo e Ourense, Caixa Galicia e a Universidade de Vigo

|                              |   |
|------------------------------|---|
| 26/4/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>Tampopo (Tampopo, Xapón, 1986), Juzo Itami.</i>  |
| 27/4/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>La vida es dulce (Life is Sweet, Gran Bretaña, 1990), Mike Leigh.</i>  |
| 3/5/2000, 20.30 e 23.00, CC  | <i>El chef enamorado (1001 retsept iz menyü vlyublyonnogo povara / A chef in love, Francia-Rusia-Xeorxia, 1996), Nana Djordjadze.</i> |
| 4/5/2000, 20.30 e 23.00, CC  | <i>Comer, beber, amar (Yinshi nan un, Taiwan, 1994), Ang Lee.</i>   |
| 10/5/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>Una gran noche (Big Night, EUA, 1996), Campbell Scott e Stanley Tucci.</i>   |
| 11/5/2000, 20.30 e 23.00, CC | <i>American Cuisine (Cuisine américaine, Francia, 1998), Jean-Yves Pitoun.</i>  |

### **Caricatura en movemento**

Dentro do programa da IV Bienal da Caricatura de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude e o Clube Cultural Alexandre Bóveda

|                               |   |
|-------------------------------|---|
| 2/3/2000, 20.30 e 23.00, CC – | <i>Wallace &amp; Gromit... y sus amigos (The Aardman Collection II, Gran Bretaña, 1996), Nick Park e outros [compuesta polas curtametraxes La secuencia del título (The title sequence, Louis Cook e Dave Alex Riddett), El cerdo de Watt (Watt's pig, Peter Lord), Madrugador (Early Bird, Peter Lord e David Sproxton), «My baby just cares for me» (Peter Lord), Anuncios de calefacción</i> |
|-------------------------------|---|

eléctrica (*Heat electric commercials*, Peter Lord e Nick Park), *No sin mi bolso* (*Not Without my Handbag*, Boris Kosmehl), *Anuncios de calefacción eléctrica II* (*Heat electric commercials*, Peter Lord e Nick Park), *Historia de guerra* (*War Story*, Peter Lord), *Pop* (Sam Fell), *Un esquilado apurado* (*A Close Shave*, Nick Park)], precedida das curtametraxes *25 maneras de dejar de fumar* (*25 Ways to Quit Smoking*, EUA, 1989), Bill Plympton; e *Saltamontes* (*Cavallette/Grasshoppers*, Italia, 1990), Bruno Bozzetto.

## Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude

5/10/2000, 20.30 e 23.00, CC

*Perfect Blue* (Xapón, 1997), Satoshi Kon; precedida da curtametraxe *Supermaño en la feria* (España, 2000), Carlos Faemino.

## ANO 2001

O ano 2001 foi sen dúbida un ano de fructíferas colaboracións, tales como a do ciclo organizado co grupo local de Amnistía Internacional, ou as proxeccións realizadas con axuda de diferentes departamentos da Escola Oficial de Idiomas de Ourense. Novamente, porén, a programación semanal tivo que sufrir a carencia de axudas das institucións, o que provocou a práctica ausencia de clásicos na programación. Malia iso, o Cineclub organizou para o Concello de Ourense, gratuitamente e sen pedir máis que os custos materiais da actividade, as proxeccións de cinema ao ar libre nas Festas do Corpus de Ourense, recuperando así unha tradición perdida nos últimos anos, e dotándoa de toda a espectacularidade da pantalla grande e dun bo sistema de son.

Recuperouse tamén outro tipo de actividade complementaria ás proxeccións, a dos cursiños de iniciación, neste caso cun sobre a técnica do guión, impartido polo profesor Carlos Hervella.

En vistas a conseguir non só maior afluencia de público senón tamén unha maior ligazón cos socios e socias, reforzouse a figura do socio con dúas novas modalidades: a de socio/a colaborador/a (que paga a maiores das cuotas semanais 1000 ptas [6 euros] e obtén diversos beneficios como participar en sorteos de carteis), e o de socio/a protector/a (que paga unha única cuota de 10 000 ptas [60 euros] e ten todos os beneficios dos socios/as colaboradores/as). Ademais, o servizo de envío de noticias da programación por correo electrónico a quen o solicita, así como a web [...], están a ter un éxito que garante que máis xente coñeza e se interese polas actividades do Cineclub.

*Socios colaboradores/as do ano 2001: Fernanda Barros Rodríguez, Álvaro Pérez Rodríguez, Lucila Bravo Bosch, Fernando Varela González, Montserrat Rodríguez Álvarez, Cecilia Bello Rodríguez, M.ª Jesús Justo Gómez, María Vergel Gómez*

*Socios/as protectores/as do ano 2001: Xesús Precedo Barbeito*



**PROXECCIONS** – CC: Casa da Cultura; TP: Teatro Principal

## PROGRAMACIÓN SEMANAL

### Xaneiro de 2001

11/1/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Boys Don't Cry* (EUA, 1999), Kimberly Peirce [120 espectadores<sup>2</sup>].

18/1/2001, 20.30 e 23.00, CC

*RKO 281* (EUA, 1999), Benjamin Ross [58 espectadores].

24/1/2001, 20.30 e 23.00, CC

*La perdición de los hombres* (México-España, 2000), Arturo Ripstein [135 espectadores].

### Febreiro de 2001

1/2/2001, 20.30 e 23.00, CC

*La viuda de Saint-Pierre* (*La veuve de Saint-Pierre*, Francia-Canadá, 2000), Patrice Leconte [101 espectadores].

8/2/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Doctor Akagi* (*Kanzo Sensei*, Xapón-Francia, 1998), Shohei Imamura [87 espectadores].

15/2/2001, 20.30 e 23.00, CC

*The ring* (*El círculo*) (*Ringu*, Xapón, 1998), Hideo Nakata [72 espectadores].

22/2/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Nacional 7* (*Nationale 7*, Francia, 2000), Jean-Pierre Sinapi [120 espectadores].

### Marzo de 2001

1/3/2001, 20.30 e 23.00, CC

*¡Qué pasada!* (*Purely Belter*, Reino Unido, 2000), Mark Herman [116 espectadores].

### Maio de 2001

10/5/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Infidel* (*Trolösa*, Suecia, 2000), Liv Ullmann [116 espectadores].

31/5/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Harry, un amigo que os quiere* (*Harry, un ami qui vous veut du bien*, Francia, 2000), Dominik Moll [98 espectadores].

### Novembro de 2001

22/11/2001, 20.30 e 23.00, CC

*¡Al ataque!* (*À l'attaque!*, Francia, 2000), Robert Guédiguian [91 espectadores].

29/11/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Tuvalu* (Alemaña, 1999), Veit Helmer [33 espectadores].

### Decembro de 2001

13/12/2001, 20.30 e 23.00, CC

*Comida rápida, mujeres activas* (*Fast Food, Fast Women*, Francia/Italia/EUA, 2000), Amos Kollek [espectadores] (*sic*).

---

2 Este foi o único ano en que incluímos o dato dos espectadores na memoria anual. Consérvanse neste anexo como referencia da afluencia máis ou menos habitual daquela época.

## PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

### Celebración do Saint Patrick's Day

En colaboración co departamento de Inglés da Escola de Idiomas de Ourense

14 e 15/3/2001, 20.30 e 23.00, CC *Despertando a Ned (Waking Ned / Waking Ned Devine, Irlanda – Gran Bretaña, 1998), Kirk Jones [97 + 138 espectadores].*

### Ciclo «Os dereitos humanos»

En colaboración con Amnistía Internacional Ourense

Co patrocinio da Universidade de Vigo, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Caixanova e Banco Pastor, a Concellería de Cultura do Concello de Ourense e mais Amnistía Internacional Ourense

22/3/2001, 20.30 e 23.00, CC *La vida y nada más (La vie et rien d'autre, Francia, 1989), Bertrand Tavernier [140 espectadores].*

29/3/2001, 20.30 e 23.00, CC *La espalda del mundo (La espalda del mundo / Back of the world, España, 2000), Javier Corcuera [153 espectadores].*

5/4/2001, 20.30 e 23.00, CC *El círculo perfecto (Savršeni krug / Le circle parfait, Bosnia-Herzegovina – Francia, 1996), Ademir Kenovic [101 espectadores].*

19/4/2001, 20.30 e 23.00, CC *El proceso (Le Procès / Der Prozess / Il Processo / The trial, Francia-RFA-Italia, 1962), Orson Welles [105 espectadores].*

26/4/2001, 20.30 e 23.00, CC *Z (Alxeria-Francia, 1969), Costa-Gavras [88 espectadores].*

### Aniversario da II República

Dentro das actividades de conmemoración do Aniversario da II República, organizadas pola Asociación de Amigos da República

25/4/2001, 20.30, CC *Galicia y Buenos Aires (España-Arentina, 1931), José Gil. Presentación de Manolo González [15 espectadores].*

### Curtametraxes hondureñas en vídeo

Dentro do programa da 6.<sup>a</sup> MITEU

27/4/2001, 20.30, CC *Las cuatro tablas (Honduras, 2001), Daniel Serrano; e Limpando chaqueta (Honduras, 2001), Mario Jaén. Presentación dos seus directores [vídeo] [60 espectadores].*

### «Especial Lusofonia – Cinema em Português»

En colaboración co departamento de Lingua Portuguesa da Escola Oficial de Idiomas Dentro da programación do Maio Xove da Casa da Xuventude

3/5/2001, 20.30 e 23.00, CC *Estación Central de Brasil (Central do Brasil, Brasil-Francia, 1998), Walter Salles [112 espectadores].*

## Cinema en alemán

En colaboración co departamento de Alemán da Escola oficial de Idiomas

24/5/2001, 20.30 e 23.00, CC *Winter Sleepers (Soñadores) (Winterschläfer, Alemaña, 1997), Tom Tykwer [67 espectadores].*

## Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XIII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

En colaboración coa Casa da Xuventude

9/10/2001, 20.30, TP *La princesa Mononoke (Mononoke Hime, Xapón, 1998), Hayao Miyazaki [32 espectadores]*

10/10/2001, 20.30, TP *Marco Antonio. Rescate en Hong Kong (España-Canadá, 2000), Carlos Varela e Manuel J. García [15 espectadores]*

## PROXECCÍONS ESPECIAIS

### Cinema ao aire libre – «Cinema en pantalla grande»

Ciclo de proxeccións para as Festas do Corpus 2001

Para a Concellería de Cultura do Concello de Ourense

Proxeccións no Parque Barbaña

11/6/2001, 23:00 *La trampa (Entrapment, EUA, 1999), Jon Amiel [máis de 300 espectadores].*

12/6/2001, 23:00 *La vida es bella (La vita è bella, Italia, 1997), Roberto Benigni [máis de 300 espectadores].*

14/6/2001, 23:00 *Space Cowboys (EUA, 2000), Clint Eastwood [máis de 300 espectadores].*

15/6/2001, 23:00 *La momia (The Mummy, 1999), Stephen Sommers [máis de 300 espectadores].*

## OUTRAS ACTIVIDADES

### Curso de guións cinematográficos

10, 17, 24 de novembro e 1 e 7 de decembro

Na Casa da Xuventude de Ourense. 20 horas, impartido por Carlos Hervella (profesor titular da Escola de Imaxe de Son de Vigo, EISV).

## ANO 2002

De novo gracias á colaboración dalgunhas institucións, o Cineclube conseguiu seguir adiante con programacións semanais e ciclos. A primeira experiencia dentro dos «Obradoiros» da Universidade de Vigo, que combinou clases teóricas con proxeccións cinematográficas abertas ao público en xeral, ofrece un balance moi positivo. No último trimestre do ano, sen embargo, houbo que limitar as proxeccións polo inicio das obras da instalación eléctrica do edificio da Casa da Cultura (Biblioteca Pública). Por desgracia, esas obras non teñen nada que ver coas que necesitaría o Cineclube, de reforma e reacondicionamento do salón de actos, e de instalación dun novo equipamento de proxección.

**PROXECCIONS** – CC: Casa da Cultura

### PROGRAMACIÓN SEMANAL

#### Xaneiro de 2002

|                              |   |
|------------------------------|---|
| 17/1/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>Gracias por el chocolate (Merci pour le chocolat</i> , Francia-Suíza, 2000), Claude Chabrol. |
| 24/1/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>The Anniversary Party</i> (EUA, 2001), Alan Cumming e Jennifer Jason Leigh                   |
| 31/1/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>Un perro llamado Dolor</i> (España, 2001), Luis Eduardo Aute.                                |

#### Febreiro de 2002

|                              |  |
|------------------------------|--|
| 7/2/2002. 20.30 e 23.00, CC  | <i>Pan y tulipanes (Pane e tulipani</i> , Italia-Suíza, 2000), Silvio Soldini.   |
| 14/2/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>Baise-moi (Fóllame) (Baise-moi</i> , Francia, 2000), Virginie Despentes e Coralie Trinh Thi.  |
| 21/2/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>La bicicleta de Pekín (Shiqi sui de dan che</i> , China-Taiwán-Francia, 2001), Wang Xiaoshuai.  |
| 28/2/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>Kandahar (Safar é Ghandehar</i> , Irán-Francia, 2001) Mohsen Makhmalbaf [proxección suspendida debido á súa proxección nun cinema comercial da cidade]. |

#### Marzo de 2002

|                              |  |
|------------------------------|--|
| 7/3/2002. 20.30 e 23.00, CC  | <i>Hedwig and the Angry Inch</i> (EUA, 2001), John Cameron Mitchell.             |
| 21/3/2002. 20.30 e 23.00, CC | <i>Requiem por un sueño (Requiem for a Dream</i> , EUA, 2000), Darren Aronofsky. |

## PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

### Caricatura en movemento

Dentro do programa da VI Bienal da Caricatura

14/3/2002, 20.30 e 23.00, CC *Me casé con un extraño (I Married a Strange Person, EUA, 1997), Bill Plympton.*

### Ciclo de Cinema Clásico

Dentro do Obradoiro de Cinema dos Obradoiros de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo

4/4/2002, 20.30 e 23.00, CC *Las mil y una noches (Il fiore delle mille e una notte, Italia-Francia, 1974), Pier Paolo Pasolini.*

11/4/2002, 20.30 e 23.00, CC *M, el vampiro de Düsseldorf (M – Eine Stadt sucht einen Mörder, Alemaña, 1931), Fritz Lang.*

2/5/2002, 20.30 e 23.00, CC *El manantial de la doncella (Jungfrukällan, Suecia, 1959), Ingmar Bergman.*

9/5/2002, 20.30 e 23.00, CC *El hombre tranquilo (The Quiet Man, EUA, 1952), John Ford.*

15/5/2002, 20.30 e 23.00, CC *El tercer hombre (The Third Man, Reino Unido, 1949), Carol Reed.*

23/5/2002, 20.30 e 23.00, CC *Amanecer (Sunrise, EUA, 1927), F. W. Murnau.*

30/5/2002, 20.30 e 23.00, CC *Gertrud (Dinamarca, 1964), Carl Theodor Dreyer.*

### Proxección especial para CCOO e CGT Ferrocarrís

22/5/2002, 23.00, CC *La cuadrilla (The Navigators, Reino Unido – Alemaña – España, 2001), Ken Loach.*

### Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense En colaboración coa Casa da Xuventude

9/10/2002, 20.30 e 23.00, CC *Metropolis (Xapón, 2001), Rin Tarô.*

10/10/2002, 20.30 e 23.00, CC *Ghost World (Reino Unido-EUA, 2001), Terry Zwigoff.*

## OUTRAS ACTIVIDADES

### Obradoiro de cinema

Complementando a proxección de varias películas no Ciclo de Cinema Clásico, o curso, impartido por Henrique Torreiro, consistiu na análise das diversas facetas do fenómeno cinematográfico, desde a realización das películas ata o seu visionado, cunha duración total de 10 horas, convali-

dables por 1 crédito. As aulas teóricas complementáronse con visitas á cabina de proxección do salón de actos da Biblioteca Pública a ás dos cines Lauren de Ourense.

Os obradoiros, con diferente programa, fixéronse coordinadamente cos cineclubes Pontevedra e Kinema (Vigo).

Programa do curso: 1. As orixes do cinema: prolegómenos — Inventos previos — As primeiras proxeccións públicas — A xestación do espectáculo cinematográfico; 2. Da produción á distribución: historial básico do proceso cinematográfico — Vocabulario e oficios básicos — As redes de distribución; 3. A proxeccións: os distintos formatos — Os proxecctores — Os tipos de pantalla — Os estándares de son; 4. Achegamento ás análises cinematográficas: comentar unha película: perspectivas básicas — Interpretación e comparación de críticas cinematográficas.

## ANO 2003

A actividade de 2003 estivo lastrada polas obras de instalación dun novo sistema eléctrico xeral no edificio da Casa da Cultura, comezadas nos últimos meses de 2002. Por esta razón, as proxeccións semanais non comezaron ata case finalizado o mes de febreiro, e mesmo houbo que suspender as proxeccións dun filme —*Competencia desleal*, de Ettore Scola— por estar a sala inutilizada polas obras. En compensación, conseguíronse algunhas proxeccións especiais no Teatro Principal de Ourense, co que se recuperou ese espazo, aínda que fose só de modo circunstancial.

Durante este ano continuouse coa colaboración iniciada co Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, o Obradorio de Cinema, que incluíu un ciclo de cinema clásico e un curso de 10 horas na universidade, organizado polo cineclubes. Dentro da política de colaboración con institucións e colectivos de todo tipo, proseguíu a colaboración coa Casa da Xuventude de Ourense e colaborouse por primeira vez co Centro Iris de Medio Ambiente, na procura de novos públicos e sensibilidades.

Infelizmente, as condicións do local e os aparellos de proxección dos que dispón o cineclubes son totalmente inadecuadas, por non dicir obsoletas, e cada nova temporada é máis evidente. Conscientes deste problema, no que se leva insistindo durante anos desde a directiva ás distintas institucións, este ano presentouse un proxecto orzamentado á Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, que foi ben recibido polo concelleiro, aínda que á hora de redactar estas liñas non se tivese ningunha noticia máis ao respecto.

**PROXECCIONS** — CC: Casa da Cultura; TP: Teatro Principal

### PROGRAMACIÓN SEMANAL

#### Febreiro de 2003

27/2/2003, 20.30 e 23.00 CC      *Irreversible (Irréversible)*, Francia, 2002), Gaspar Noé.

#### Marzo de 2003

13/3/2003, 20.30 e 23.00 CC      *Competencia desleal (Concorrenza sleale)*, Italia-Francia, 2001), Ettore Scola [proxección suspendida a causa das obras de instalación eléctrica no salón de actos].

### **Abril de 2003**

2/4/2003, 20.30 CC,  
+ 3/4/2003, 20.30 TP

*Salvoconducto (Laissez-Passer*, Francia-España-Alemaña, 2001), Bertrand Tavernier.

### **Maio de 2003**

21/5/2003, 20.30 TP

*Nómadas del viento (Le peuple migrateur*, Francia-España-Italia-Alemaña-Suíza, 2001), Jacques Perrin, Jacques Cluzaud e Michel Debats [coa colaboración do Centro Iris – Amigos da Terra e o Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo].

29/5/2003, 20.30 e 23.00 CC

*Happy Times (Xingfu shiguang*, China, 2000), Zhang Yimou.

### **Novembro de 2003**

27/11/2003, 20.30 e 23.00 CC

*El bonaerense* (Arxentina-Francia-Holanda-Chile, 2002), Pablo Trapero.

### **Decembro de 2003**

4/12/2003, 20.30 e 23.00 CC

*La vida (C'est la vie*, Francia, 2001), Jean-Pierre Améris.

11/12/2003, 20.30 e 23.00 CC

*Audition (Oodishon*, Xapón – Corea do Sur, 1999), Takashi Miike.

## **PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA**

### **Proxección especial en apoio aos afectados pola marea negra**

Todo o diñeiro recadado nas dúas sesións foi destinado a unha das contas abertas para axuda dos afectados pola marea negra. Coa axuda desinteresada de Federación de Cineclubes de Galicia, Alta Films, Baños Films, Teatro Principal

23/1/2003, 20.30 e 23.00, TP

*11'09"01. 11 de septiembre (11'09"01 – September 11*, Francia – Reino Unido, 2002), Youssef Chahine, Amos Gitai, Shohei Imamura, Alejandro González Iñárritu, Claude Lelouch, Ken Loach, Samira Makhmalbaf, Mira Nair, Idrissa Ouédraogo, Sean Penn, Danis Tanovic.

### **Ciclo de Cinema Clásico**

Dentro dos Obradoiros de Extensión Universitaria do Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo

20/3/2003, 20.30 e 23.00 CC

*La ley de la hospitalidad (Our Hospitality*, EUA, 1923), Buster Keaton e J. G. Blystone.

27/3/2003, 20.30 e 23.00 CC

*El verdugo (El verdugo / La ballata del boia*, España-Italia, 1963), Luis García Berlanga.

10/4/2003, 20.30 e 23.00 CC

*Imitación a la vida (Imitation of Life*, EUA, 1959), Douglas Sirk.

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| 24/4/2003, 20.30 e 23.00 CC | <i>Duelo en la alta sierra (Ride the High Country, EUA, 1962), Sam Peckinpah.</i>           |
| 8/5/2003, 20.30 e 23.00 CC  | <i>Las noches de Cabiria (Le notti di Cabiria, Italia-Francia, 1956), Federico Fellini.</i> |
| 15/5/2003, 20.30 e 23.00 CC | <i>Cabeza borradora (Eraserhead, EUA, 1977), David Lynch.</i>                               |

## **Cinema e banda deseñada**

Dentro do programa das XV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude

|                             |   |
|-----------------------------|---|
| 8/10/2003, 20.30 e 23.00 CC | <i>Bichunmoo (Corea do Sur, 2000), Kim Young-jun.</i>   |
| 9/10/2003, 20.30 e 23.00 CC | <i>Bienvenidos a Belleville (Les Triplettes de Belleville, Francia-<br/>-Canadá-Bélxica, 2003), Sylvain Chomet.</i> |

## **OUTRAS ACTIVIDADES**

### **Obradoiro de cinema**

Dentro dos Obradoiros de Extensión Universitaria 2003 da Universidade de Vigo, no Campus de Ourense, o Cineclube Padre Feijoo organizou o «Obradoiro de cinema». Complementando a proxección de varias películas de Ciclo de Cinema Clásico, o curso, impartido por Suso Novás, consistiu na análise das diversas facetas do fenómeno cinematográfico, cunha duración de 10 horas, convalidábeis por 1 crédito. O obradoiro estaba aberto tamén á inscrición de persoas de fóra do ámbito universitario.

Programa do curso: 1. A montaxe: definición. Do guión á montaxe. Elementos de transición. Elementos de continuidade. Tipos de montaxe. 2. Son: características acústicas. Dimensións do son. Tempo e son. 3. O plano: definición. A perspectiva. O encadre. O espacio. Características do encadre. Plano e posta en escena. 4. A narración: características xerais. Causalidade. Tempo. Espacio. A narración clásica.

Os obradoiros, con diferente programa, fixéronse coordinadamente cos cineclubes Pontevedra e Kinema.

## **ANO 2004**

O Cineclube continuou en 2004 a colaborar con outras institucións para o desenvolvemento de actividades, e así celebrou por terceiro ano o Obradoiro de Cinema coa Universidade de Vigo, que incluíu un Ciclo de Cinema Clásico. A falta de pezas de reposto para os vellos proxectores, o mal estado do salón de actos da Biblioteca Pública, e a proximidade de inauguración do novo auditorio da cidade —no que se conta co compromiso de cesión de sala para as proxeccións do Cineclube por parte da Concellaría de Cultura—, fixeron que as proxeccións do mes de maio puxesen punto e final ás actividades do ano. Este peche prematuro provocou que non houbera a tradicional colaboración coa Casa da Xuventude durante as Xornadas de Banda Deseñada en outubro, mais confiamos en que o ano entrante permita reiniciar a normal marcha das actividades cineclubistas.



## PROXECCIONS — CC: Casa da Cultura

### PROGRAMACIÓN SEMANAL

#### Febreiro de 2004

- 5/2/2004, 20.30 e 23.00, CC *El último golpe (Heist) (Heist, EUA-Canadá, 2001), David Mamet.*
- 12/2/2004, 20.30 e 23.00, CC *Before the Storm (Antes de la tormenta) (Före stormen, Suecia, 2000), Reza Parsa.*
- 19/2/2004, 20.30 e 23.00, CC *Respiro (Italia-Francia, 2002), Emanuele Crialesse.*
- 26/2/2004, 20.30 e 23.00, CC *Flores de sangre (Fleurs de sang, Suíza-Francia-España, 2002), Myriam Mézières e Alain Tanner.*

### PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

#### Ciclo de cinema clásico

Organizado co Vicerreitorado de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- 25/3/2004, 20.30 e 23.00, CC *À bout de souffle (Al final de la escapada) (À bout de souffle, Francia, 1960), Jean-Luc Godard.*
- 1/4/2004, 20.30 e 23.00, CC *El hombre del carrito (Muhomatsu no issho, Xapón, 1958), Hiroshi Inagaki.*
- 15/4/2004, 20.30 e 23.00, CC *Vértigo (De entre los muertos) (Vertigo, EUA, 1958), Alfred Hitchcock.*
- 22/4/2004, 20.30 e 23.00, CC *Mon oncle (Mi tío) (Mon oncle, Francia-Italia, 1958), Jacques Tati.*
- 29/4/2004, 20.30 e 23.00, CC *El crepúsculo de los dioses (Sunset Blvd, EUA, 1950), Billy Wilder.*
- 6/5/2004, 20.30 e 23.00, CC *Cuentos de Tokio / Viaje a Tokio (Tokyo monogatari, Xapón, 1953), Yasujiro Ozu.*

#### Caricatura en movemento

Dentro do programa da VII Bienal da Caricatura de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude e o Clube Cultural Alexandre Bóveda

- 3/3/2004, 20.30, CC *Puerta del tiempo (España, 2002), Pedro Eugenio Delgado.*

### PROXECCIONS ESPECIAIS

- 11/3/2004, 20.30, CC *¡Hay motivo! (España, 2004), Joaquín Oristrell, Pere Portabella, Álvaro del Amo, David Trueba, Gracia Querejeta, Isabel Coixet, Jose Ángel Rebolledo, Sigfrid Monleón, Iciar Bollain, Chus Gutiérrez, Víctor Manuel, Pedro Olea, Yolanda García Serrano,*

Víctor García León, Ana Díez e Bernardo Belzunegui, José Luis Cuerda, Miguel Ángel Díez, Imanol Uribe, Fernando Colomo, Juan Diego Botto, Alfonso Ungría, José Luis García Sánchez, Daniel Cebrián, Gran Wyoming, Manuel Gómez Pereira, Julio Medem, Mireia Lluch, Pere Joan Ventura, Manuel Rivas, Vicente Aranda, Mariano Barroso e Antonio Betancor [vídeo].

## ANO 2005

Os continuos atrasos na posta en marcha normalizada do Auditorio Municipal de Ourense, institución dependente da Concellaría de Cultura ourensá que comezou a funcionar a mediados do ano, pero de forma moi provisoria, fixeron imposíbeis os intentos de pór novamente en actividade o Cineclube Padre Feijoo, dado que as outras posibilidades no referente a un local onde efectuar as proxeccións estaban desbotadas: o Teatro Principal aduciu falta de datas libres, e o salón de actos da Casa da Cultura continúa no estado lamentable no que estaba, e co mesmo problema de falta de repostos para os anticuados aparellos de proxección. Aínda que se contaba desde había meses co compromiso de cesión da sala para as actividades, durante todo o ano non chegou a concretarse — a pesar de o Cineclube apremiar continuamente — o convenio entre Cineclube e Concello que permitise desenvolver unha actividade regularizada no Auditorio.

Así as cousas, só houbo unha excepción, que parecía un comezo despois de tan longa espera: puido finalmente levarse a cabo no Auditorio Municipal o ciclo «Cinema e Banda Deseñada», en colaboración coa Casa da Xuventude de Ourense (dentro das XVII Xornadas de Banda Deseñada, a comezos de outubro). A intención do Cineclube era que estas proxeccións servisen para comprobar as posibilidades técnicas das salas, a práctica do persoal do centro (principiante neste terreo da exhibición cinematográfica) e en xeral a nova dinámica de xestión da actividade (a loxística das sesións), máxime tendo en conta o precedente falido dun pequeno ciclo cinematográfico encargado polo propio Auditorio para un congreso, que finalmente houbo de ser suspendido (nas propias sesións) pola inexistente publicidade que a organización fixo deste.

Malia terse comezado a elaboración dunha programación para os últimos meses do ano, houbo de ser desbotada por non chegar a se concretaren todas as cuestións formais pertinentes. A esperanza de que o ano 2006 depare mellores perspectivas non oculta a decepción pola ínfima actividade que se puido desenvolver a causa da falta de infraestruturas neste ano do trixésimo quinto aniversario do Cineclube Padre Feijoo.

**PROXECCIONS** – AM: Auditorio Municipal

### PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

#### Ciclo «Cine termal»

Para o congreso Termatalia 2005

- 30/9/2005, AM – *La ducha* (*Xi zao*, China, 1999), Zhang Yang [proxección suspendida por falta de publicidade por parte do congreso].
- 1/10/2005, AM – *Ocho y medio* (*8½*, Italia-Francia, 1963), Federico Fellini [proxección suspendida por falta de publicidade por parte do congreso].

2/10/2005, AM — *Ojos negros* (*Oci ciornie*, Italia-URSS, 1987), Nikita Mikhalkov [proxección suspendida por falta de publicidade por parte do congreso].

### **Cinema e banda deseñada**

Dentro do programa das XVII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense

En colaboración coa Casa da Xuventude

5/10/2005, 20.30 e 23.00, AM — *Steamboy* (*Suchimubûi*; Xapón, 2004), Katsuhiro Ôtomo.

6/10/2005, 20.30 e 23.00, AM — *American Splendor* (EUA, 2003), Shari Springer Berman e Robert Pulcini.

## **ANO 2006**

No primeiro semestre do 2006 conseguiuase sala de proxección cinematográfica (o Cine Dúplex) para poder organizar, en colaboración con Amnistía Internacional, o ciclo «Cinema e dereitos humanos» integrado polos filmes *Madame Brouette*, *La pesadilla de Darwin* e *Paradise now*.

Do mesmo xeito, a finais de ano, na mesma sala, organizouse outro pequeno ciclo titulado «Cinema actual», coa colaboración de diversas entidades, en que se proxectaron os títulos *Camino a Guantánamo*, *Tsotsi* e *En la cama*. O primeiro dos filmes contou, ao día seguinte, cunha charla con dous dos protagonistas da historia que inspira a película, Rhuheíl Ahmed e Shafiq Rasul. A charla foi organizada en colaboración co grupo local de Amnistía Internacional.

**PROXECCIONS** — CD: Cine Dúplex

### **PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA**

#### **II Ciclo «Cinema e Dereitos Humanos»**

Organizado co Grupo Local de Amnistía Internacional en Ourense

Coa colaboración da Federación de Cineclubes de Galicia, a Casa da Xuventude de Ourense e a Vicerreitoría de Planificación e Desenvolvemento do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

27/4/2006, 20.30 e 23.00, CD *Madame Brouette* (*L'extraordinaire destin de Madame Brouette*, Senegal-Canadá-Francia, 2002), Moussa Sene Absa [67 espectadores].<sup>3</sup>

4/5/2006, 20.30 e 23.00, CD *La pesadilla de Darwin* (*Darwin's Nightmare*, Francia-Austria-Bélxica, 2004), Hubert Sauper [116 espectadores].

11/5/2006, 20.30 e 23.00, CD *Paradise Now* (Palestina-Francia-Alemaña-Holanda-Israel, 2005), Hany Abu-Assad [123 espectadores].

---

3 Neste caso, a cifra de espectadores non figura na memoria, mais foi recuperada dunha nota de prensa titulada «Máis de 300 espectadores asistiron ás sesións do ciclo 'Cinema e Dereitos Humanos'».

## Ciclo «Cinema actual»

Co apoio da Federación de Cineclubes de Galicia e a Secretaría Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Amnistía Internacional en Ourense, Casa da Xuventude de Ourense e Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

- 12/12/2006, 20.30 e 23.00, CD *Camino a Guantánamo* (*The Road to Guantánamo*, Reino Unido, 2006), Michael Winterbottom e Mat Whitedcross.
- 13/12/2006, 20.00, Casa da Xuventude (actividade especial) «*Pechemos Guantánamo*»: *testemuños directos*. Charla coloquio con Ruhel Ahmed e Shafiq Rasul.
- 19/12/2006, 20,30 e 23.00, CD *Tsotsi* (Reino Unido-Sudáfrica, 2005), Gavin Hood.
- 21/12/2006, 20,30 e 23.00, CD *En la cama* (Chile-Alemaña, 2005), Matías Bize.

## ANO 2007

Mentres non se consegue solucionar o problema da falta de local de proxección, o Cineclubes prosegue coas súas actividades en colaboración coas salas comerciais de cinema. No Cine Dúplex, despois dos ciclos realizados en 2006 («Cinema e Dereitos Humanos» e «Cinema actual»), no primeiro trimestre de 2007 organizou o titulado «Novas olladas: do 'thriller' ao fantástico. Xéneros revisados», consistente nos filmes *El maligno* (*Coisa Ruim*), *Brick* e *The Host* (*Gwoemul*). No cuarto trimestre, coa colaboración desta vez das salas Cinebox Ourense, levou adiante o ciclo «Estreas en versión orixinal: Cinema europeo», consistente nos títulos *Dos días en París*, *Nuevo mundo* (*Golden Door*) e *Tideland*.

**PROXECCIONS** – CC: Casa da Cultura; CD: Cine Dúplex; CB: Cinebox Ourense

### PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

#### Novas olladas: do 'thriller' ao fantástico. Xéneros revisados

Coa colaboración de Federación de Cineclubes de Galicia, Secretaría Xeral de Comunicación/Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Universidade de Vigo/Vicerreitoría do Campus de Ourense, Casa da Xuventude de Ourense, Cine Dúplex

- 26/4/2007, 20.30 e 23.00, CD *El maligno* (*Coisa Ruim*) (*Coisa Ruim*, Portugal, 2006), Tiago Guedes e Frederico Serra.
- 3/5/2007, 20.30 e 23.00, CD *Brick* (EUA, 2006), Rian Johnson.
- 9/5/2007, 20.30 e 23.00, CD *The Host* (*Gwoemul*, Corea do Sur, 2006), Joon-ho Bong.

### Estreas en versión orixinal: «Cinema europeo»

Coa colaboración de Federación de Cineclubes de Galicia, Secretaría Xeral de Comunicación/Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual, Universidade de Vigo/ Vicerreitoría do Campus de Ourense

|                               |   |
|-------------------------------|---|
| 7/11/2007, 20.30 e 23.00, CB  | <i>Dos días en París (Deux jours à Paris</i> , Francia-Alemaña, 2007), Julie Delpy.       |
| 14/11/2007, 20.30 e 23.00, CB | <i>Nuevo mundo (Golden Door) (Nuovomondo</i> , Italia-Francia, 2006), Emanuele Crialesse. |
| 28/11/2007, 20.30 e 23.00, CB | <i>Tideland</i> (Reino Unido – Canadá, 2005), Terry Gilliam.                              |

### PROXECCÍONS ESPECIAIS

#### Proxección especial en colaboración con Amarante

|                      |  |
|----------------------|--|
| 18/4/2007, 20.30, CC | <i>China Blue</i> (EUA, 2005), Micha X. Peled [vídeo]. |
|----------------------|--|

### ANO 2008

Ante a imposibilidade de conseguir unha sala pública en que realizar unha programación continuada, o Cineclubes prosegue a colaboración iniciada en 2007 coas salas Cinebox Ourense. Aínda así, para casos moi específicos, este ano aínda se empregou o salón de actos da Casa da Cultura, como a proxección de dous documentais. Nestes momentos, estase a negociar de novo coas institucións ourensás a remodelación dese salón de actos, e o seu reequipamento coa adquisición dunha das máquinas e outro material de proxección do antigo Cine Dúplex.

Sen recuperar aínda a normalidade na súa actividade, o Cineclubes conseguiu manter unha continuidade con oferta cinematográfica de calidade ao longo do ano.

**PROXECCÍONS** — CC: Casa da Cultura; CB: Cinebox Ourense

#### PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

##### Estreas en versión orixinal 2

Co apoio de Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

|  |   |
|--|---|
| 30/1/2008, 20.30 e 23.00, CB                                     | <i>El romance de Astrea y Celadón (Les amours d'Astrée et de Céladon</i> , Francia-Italia-España, 2007), Eric Rohmer. |
| 13/2/2008 [suspendida, proxección o 5/3/2008], 20.30 e 23.00, CB | <i>Once</i> (Irlanda, 2006), John Carney.   |
| 20/2/2008, 20.30 e 23.00, CB                                     | <i>Last Days</i> (EUA, 2005), Gus Van Sant.   |
| 27/2/2008, 20.30 e 23.00, CB                                     | <i>Irina Palm</i> (Bélxica – Alemaña – Luxemburgo – Reino Unido – Francia, 2007), Sam Garbarski.                      |

### Estreos en versión orixinal 3: «Cinema social»

Co apoio de Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- 4/6/2008, 20.30 e 23.00, CB *All The Invisible Children* (Italia, 2005), Mehdi Charef, Emir Kusturica, Spike Lee, Kátia Lund, Jordan Scott, Ridley Scott, Stefano Veneruso e John Woo.
- 11/6/2008, 20.30 e 23.00, CB *This is England* (Reino Unido, 2006), Shane Meadows.
- 18/6/2008, 20.30 e 23.00, CB *En un mundo libre... (It's a Free World...)*, Reino Unido – Italia – Alemaña – España, 2007), Ken Loach.

### Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude

- 11/10/2008, 20.30 e 23.00, CB *El castillo ambulante (Hauru no ugoku shiro)*, Xapón, 2004), Hayao Miyazaki.
- 8/10/2008, 20.30 e 23.00, CB *Persépolis (Persepolis)*, Francia, 2007), Marjane Satrapi e Vincent Paronnaud.

### Estreos en versión orixinal 4: «Da comedia ao drama»

Co apoio de Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- 26/11/2008, 20.30 e 23.00, CB *Yo serví al rey de Inglaterra (Obsluhoval jsem anglického krále)*, República Checa – Eslovaquia, 2006), Jiří Menzel.
- 3/12/2008, 20.30 e 23.00, CB *Honeydripper Blues Bar (Honeydripper)*, EUA, 2007), John Sayles.
- 10/12/2008, 20.30 e 23.00, CB *Tropa de élite (Tropa de elite)*, Brasil, 2007), José Padilha.
- 17/12/2008, 20.30 e 23.00, CB *Garage* (Irlanda, 2007), Lenny Abrahamson.

### PROXECCIONS ESPECIAIS

- 23/1/2008, 20.30 e 23.00, CB *Tierra (Earth)*, Reino Unido – Alemaña, 2007), Alastair Fothergill e Mark Linfield.
- 12/3/2008, 20.30, CC *Unha lousa sobre O Courel* (Galicia, 2008), Henrique Banet. Coa colaboración de Namche Films e Verdegaia. Coa presenza dos autores do filme, Henrique Banet e Mabel Rivera [vídeo].
- 14/4/2008, 20.00, CC *El salario del silencio* (Galicia, 2007), Henrique Banet. Coa colaboración de Namche Films e Verdegaia. Coa presenza dos autores do filme, Henrique Banet e Mabel Rivera [vídeo].

## ANO 2009

A dinámica de colaboración iniciada cos cinemas Cinebox Ourense continúa coas proxeccións dos ciclos «Estreas en versión orixinal» e «Cinema e banda deseñada», e este ano por primeira vez a Semana de Cinema Documental. Por outra parte, comezou tamén unha iniciativa de cinema ao aire libre na rúa, na zona vella da cidade, coa proxección de diversas producións galegas (curtametraxe, documental, experimental), en colaboración co programa «Cinemas Dixitais» da Axencia Audiovisual Galega.

**PROXECCIONS** — CC: Casa da Cultura; CB: Cinebox Ourense

### PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

#### Estreas en versión orixinal 5: «Aquí e agora»

Co apoio de Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- |                              |   |
|------------------------------|---|
| 4/3/2009, 20.30 e 23.00, CB  | <i>Camino</i> (España, 2008), Javier Fesser.  |
| 11/3/2009, 20.30 e 23.00, CB | <i>Gomorra</i> (Italia, 2008), Matteo Garrone.  |
| 25/3/2009, 20.30 e 23.00, CB | <i>Los limoneros</i> ( <i>Etz limon</i> , Israel-Alemaña-Francia, 2008), Eran Riklis. |

#### Estreas en versión orixinal 6: «Cinema actual»

Co apoio de Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- |                                     |   |
|-------------------------------------|---|
| 1/4/2009, 20.30 e 23.00, CB         | <i>Estómago</i> ( <i>Estômago</i> , Brasil-Italia, 2007), Marcos Jorge.                 |
| 15/4/2009, 20.30 e 23.00, CB        | <i>Asfixia</i> ( <i>Choke</i> , EUA, 2008), Clark Gregg.                                |
| 22/4/2009, 18.00, 20.30 e 23.00, CB | <i>Bienvenidos al norte</i> ( <i>Bienvenue chez Ch'tis</i> , Francia, 2008), Dany Boon. |
| 29/4/2009, 20.30 e 23.00, CB        | <i>La clase</i> ( <i>Entre les murs</i> , Francia, 2008), Laurent Cantet.               |

#### Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XXI Xornadas de Banda Deseñada de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude

- |                              |   |
|------------------------------|---|
| 7/10/2009, 20.30 e 23.00, CB | <i>Vals con Bashir</i> ( <i>Vals Im Bashir / Waltz with Bashir</i> , Israel-Francia-Alemaña, 2008), Ari Folman. |
|------------------------------|---|

#### Estreas en versión orixinal 7: «Cinema de novembro»

Co apoio de Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Delegación Provincial de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- |                              |   |
|------------------------------|---|
| 4/11/2009, 20.30 e 23.00, CB | <i>Anticristo</i> ( <i>Antichrist</i> , Dinamarca-Alemaña-Francia-Italia-Suecia-Polonia, 2009), Lars Von Trier. |
|------------------------------|---|

18/11/2009 [cambiada a 19/11/2009], 20.30 e 23.00, CB —

*Despedidas* (Okuribito, Xapón, 2008), Yōjirō Takita.

25/11/2009, 20.30 e 23.00, CB

*Control* (Reino Unido, 2007), Anton Corbijn.

### **Semana do Cinema Documental**

Organizada con Cinebox Ourense, Federación de Cineclubes de Galicia e Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI). Co apoio de Concellería de Cultura do Concello de Ourense, Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense, Centro Cultural Deputación Ourense

1/12/2009, 20.30 e 23.00, CB

*Sicko* (EUA, 2007), Michael Moore.

2/12/2009, 20.30 e 23.00, CB

*Una cierta verdad* (España, 2008), Abel García Roure.

3/12/2009, 20.30 e 23.00, CB

*Man on Wire* (Reino Unido/EUA, 2008), James Marsh.

4/12/2009, 20.00, Centro Cultural Deputación Ourense (actividade especial)

«Inscribir o real: a propósito do texto documental». Conferencia de Antía López Gómez (Facultade de Ciencias da Comunicación, Universidade de Santiago de Compostela) [suspendida por problemas persoais da relatora].

### **PROXECCIONS ESPECIAIS**

13/1/2009, 20.30, CC

*A Fala do Cacique* (Brasil-Alemaña, 2007), Márcia Gomes de Oliveira Suchanek e Norbert Gregor Suchanek. En colaboración con Amarante e Verdegaia [vídeo].

### **Cinema ao aire libre (Cinemas Dixitais)**

Na praza de San Marcial (Tetería-Bar Grândola en caso de mal tempo)

#### **— Ciclo «Danza e vídeo experimental galego»**

11/8/2009, 22:00

*Batea* (Galicia, 1999), Xosé Vilaboy [vídeo].

12/8/2009, 22:00

*Código* (Galicia, 1988), Jesús Vecino Llamas [vídeo].

13/8/2009, 22:00

*Danza na terra* (Galicia, 2006), Xosé Vilaboy [vídeo].

14/8/2009, 22:00

*Dous* (Galicia, 2001), Manuel Gómez Segarra [vídeo].

14/8/2009, 20:00 e 21:00

*Estiven en Galicia e lembreime de ti* (Galicia, 2006), Juan Lesta [vídeo].

14/8/2009, 22:10

*Katuska (Os corpos agrícolas)* (Galicia, 2006), Antón Coucheiro Filde [vídeo].

14/8/2009, 20:30 e 21:30

*Tirapuxa* (Galicia, 1996), Manu Mayo [vídeo].

#### **— Ciclo «A guerra civil en Galicia»**

18/8/2009, 22:00

*Alma esquecida* (Galicia, 2006), Clara García [vídeo].

19/8/2009, 22:00

*Cores* (Galicia, 2007), Jairo Iglesias [vídeo].

19/8/2009, 22:00

*1936. Ribadeo* (Galicia, 2007), Jairo Iglesias [vídeo].

20/8/2009, 22:00

*Minas* (Galicia, 2003), Dani de la Torre [vídeo].



## — Ciclo «Curtas galegas en dúas dimensións».

|                  |  |
|------------------|--|
| 25/8/2009, 21:30 | <i>A flor máis grande do mundo</i> (Galicia, 2006), Juan Pablo Etcheverry [vídeo]. |
| 26/8/2009, 21:30 | <i>Alegrías de Puerta Tierra</i> (Galicia, 1994), Virginia Curiá [vídeo].          |
| 26/8/2009, 21:34 | <i>Caderno de bitácora</i> (Galicia, 1997), Tomás Conde e Virginia Curiá [vídeo].  |
| 27/8/2009, 21:30 | <i>Leo</i> (Galicia, 2007), Fernando Cortizo [vídeo].                              |
| 28/8/2009, 21:30 | <i>Minotauromaquia</i> (Galicia, 2004), Juan Pablo Etcheverry [vídeo].             |

## ANO 2010

A dinámica de colaboración iniciada cos cinemas Cinebox Ourense continuou novamente coas proxeccións dos ciclos «Estreas en versión orixinal», «Cinema e Banda Deseñada» e a Semana de Cinema Documental, que chegou á súa segunda edición. Deuse un novo pulo ás proxeccións especiais de curtas e documentais de produción galega.

**PROXECCIONS** — CC: Casa da Cultura; CB: Cinebox Ourense; AM: Auditorio Municipal

### PROGRAMACIÓN EXTRAORDINARIA

#### **Estreas en Versión Orixinal 8: «Novas olladas ao cinema fantástico»**

Co apoio de Concellería de Cultura do Concello de Ourense, Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Consorcio Audiovisual de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

|                              |  |
|------------------------------|--|
| 13/1/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>Déjame entrar (Låt den rätte komma in)</i> , Suecia, 2008), Tomas Alfredson.                      |
| 20/1/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>The Fall: El sueño de Alexandria (The Fall)</i> , EUA – Reino Unido – India, 2006), Tarsem Singh. |
| 27/1/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>Moon</i> (Reino Unido, 2009), Duncan Jones.   |

#### **Estreas en Versión Orixinal 9: «Cinema latinoamericano»**

Co apoio de Concellería de Cultura do Concello de Ourense, Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Consorcio Audiovisual de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

|                              |  |
|------------------------------|--|
| 3/2/2010, 20.30 e 23.00, CB  | <i>Gigante</i> (Uruguai-Alemaña-Arentina-Holanda, 2009), Adrián Biniez.  |
| 10/2/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>La teta asustada</i> (España-Perú, 2009), Claudia Llosa.              |
| 24/2/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>La buena vida</i> (Chile-Arentina-España-Francia, 2008), Andrés Wood. |

### Ciclo Estreas en Versión Orixinal 10: «Catro miradas do mundo»

Co apoio de Concellería de Cultura do Concello de Ourense, Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Consorcio Audiovisual de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- |                              |   |
|------------------------------|---|
| 3/3/2010, 20.30 e 23.00, CB  | <i>Tres monos (Üç maymun</i> , Turquía-Francia-Italia, 2008), Nuri Bilge Ceylan.                                      |
| 10/3/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>Cómo celebré el fin del mundo (Cum mi-am petrecut sfarsitul lumii</i> , Romanía-Francia, 2006), Catalin Mitulescu. |
| 17/3/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>Frozen River (Río helado) (Frozen River</i> , EUA, 2008), Courtney Hunt.   |
| 24/3/2010, 20.30 e 23.00, CB | <i>Home, ¿dulce hogar? (Home</i> , Suíza-Francia-Bélxica, 2008), Ursula Meier.  |

### Cinema e banda deseñada

Dentro do programa das XXII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense  
En colaboración coa Casa da Xuventude

- |                               |   |
|-------------------------------|---|
| 13/10/2010, 20:30 e 23.00, CB | <i>Gainsbourg (Vida de un héroe) (Gainsbourg (Vie héroïque)</i> , Francia, 2009), Joann Sfar. |
| 14/10/2010, 20:30 e 23.00, CB | <i>María y yo</i> (España, 2010), Félix Fernández de Castro.                                  |

### Estreas en versión orixinal 11: «Ensinso e sociedade»

Co apoio de Concellería de Cultura do Concello de Ourense, Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Consorcio Audiovisual de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- |                               |   |
|-------------------------------|---|
| 17/11/2010, 20:30 e 23.00, CB | <i>La cinta blanca (Das weisse Band. Eine deutsche Kinder-geschichte</i> , Alemaña-Austria-Francia-Italia, 2009), Michael Haneke. |
| 24/11/2010, 20:30 e 23.00, CB | <i>An Education</i> (Reino Unido – EUA, 2009), Lone Scherfig.   |

### II Semana do Cinema Documental

Co apoio de Concellería de Cultura do Concello de Ourense, Federación de Cineclubes de Galicia, Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, Consorcio Audiovisual de Galicia, Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo

- |                               |   |
|-------------------------------|---|
| 30/11/2010, 20:30 e 23.00, CB | <i>Che, un hombre nuevo</i> (Arxentina-Cuba-España, 2009), Tristán Bauer.                                     |
| 1/12/2010, 20:30 e 23.00, CB  | <i>La doctrina del shock (The Shock Doctrine</i> , Reino Unido, 2009), Michael Winterbottom e Mat Whitecross. |

## PROXECCIONS ESPECIAIS

### Proxección nas VI Xornadas de Agroecoloxía En colaboración coa Asociación Verdegaia

25/2/2010, CC *Earthlings* (EUA, 2005), Shaun Monson [vídeo].

### Participación na Gala en beneficio de Médicos sen Fronteiras polo terremoto de Haití

2/12/2010, 22.00, AM Proxección de traballos da Escola de Cine de Haití [vídeo].

### Festa da Independencia de Senegal na Casa da Xuventude

8/4/2010, 19:45, Casa da Xuventude *Princesa de África* (España, 2008), Juan Laguna [vídeo].

### Semana do Audiovisual Galego (Academia Galega do Audiovisual)

7/4/2010, 20.30 e 23.00, AM *Nouturnio de Celanova* (Galicia, 2009), Raúl García Pérez; e *Señora de* (Galicia, 2009), Patricia Ferreira [vídeo].

### Colaboración coa Miteu (Mostra de Teatro Universitario)

14/4/2010, 20.30, AM *Màscares* (Cataluña, 2009), Elisabet Cabeza e Esteve Rimbau.

19/4/2010, 23.00, AM *La vida loca* (España-Francia-México, 2008), Christian Poveda.

### Produción galega

5/5/2010, 20.30, AM *Lobos sucios* (Galicia, 2006), Felipe Rodríguez Lameiro [vídeo]; e *Bandoleiros ou guerrilleiros?* (Galicia, 2006), José A. Sanmartín e Alfredo García Pinal [vídeo]. Proxección en colaboración con Cinemas Dixitais.

12/5/2010, 20.30 AM *O labirinto ario* (Galicia, 2009), Alfredo Pardo [vídeo]; e *Entre línguas* (Galicia, 2009), Vanessa Vila Verde Lamas, João José Varela Aveledo e Eduardo Sanches Maragoto [vídeo].

### Colaboración co festival A Bela Auria. Proxección ao ar libre no xardín do Posío

30/5/2010 *Nosferatu* (*Nosferatu, eine Symphonie des Grauens*, Alemaña, 1922), F. W. Murnau [vídeo].

### Ciclo «Vicente Risco na República de Weimar»

Colaboración con Fundación Vicente Risco, Festival de Cine de Ourense, Centro Galego de Arte Contemporánea e Instituto Goethe.

27/5/2010, 20.30, CB *O anxo azul* (*Der blaue Engel*, Alemaña, 1930), Josef von Sternberg [vídeo]. Presentación de Katherine Diestelmeier.

03/6/2010, 20.30, CB *Berlín, sinfonía dunha gran cidade* (*Berlin: Die Symphonie der*

|                      |   |
|----------------------|---|
|                      | <i>Großstadt</i> , Alemaña, 1927), Walter Ruttmann [vídeo]. Presentación de Miguel Anxo Fernández.  |
| 10/6/2010, 20.30, CB | <i>Emilio e os detectives (Emil und die Detektive</i> , Alemaña, 1931), Gerhard Lamprecht [vídeo]. Presentación de Xosé Manuel Rodríguez. |
| 17/6/2010, 20.30, CB | <i>Cabaret</i> (EUA, 1972), Bob Fosse [vídeo]. Presentación de Arturo Lezcano.  |

**Ciclo Cinemas Dixitais: «O pequeno é fermoso», no Museo Municipal**  
 Coa colaboración da Concellaría e do Museo, ciclo de proxeccións de curtametraxes de comedia, con entrada gratuíta; despois, coa colaboración do persoal do museo, visita guiada aos fondos do museo.

|                   |   |
|-------------------|---|
| 24/08/2010, 12:00 | <i>Amor serrano</i> (Galicia, 1999), Luís Liste [vídeo].                                      |
| 25/08/2010, 12:00 | <i>As loiras prefiren os cabaleiros</i> (Galicia, 2002), Álex Sampayo [vídeo].                |
| 26/08/2010, 12:00 | <i>Bechos raros</i> (Galicia, 2006), Estibaliz Burgaleta e Alegría Collantes [vídeo].         |
| 27/08/2010, 12:00 | <i>Bos días</i> (Galicia, 2006), Dani de la Torre [vídeo].                                    |
| 31/08/2010, 12:00 | <i>Entorrados</i> (Galicia, 2006), Pablo Sánchez Pérez, Carlos Sante e Germán Tejada [vídeo]. |
| 01/09/2010, 12:00 | <i>Formularios truculentos</i> (Galicia, 2006), Josiño Díaz [vídeo].                          |
| 20/09/2010, 12:00 | <i>O matachín</i> (Galicia, 1996), Jorge Coira [vídeo].                                       |
| 03/09/2010, 12:00 | <i>O trasto</i> (Galicia, 2002), Rafael Calvo [vídeo].  |
| 07/09/2010, 12:00 | <i>Premio</i> (Galicia, 2006), Eva Quintas [vídeo].   |
| 08/09/2010, 12:00 | <i>Temporada 92-93</i> (Galicia, 2006), Alejandro Marzoa [vídeo].                             |

## OUTRAS ACTIVIDADES

### Charla de Pepe Coira

|                                  |   |
|----------------------------------|---|
| 28/10/2010, 20.15, Café Grândola | «As catro vidas dunha película», charla de Pepe Coira sobre a produción e a distribución cinematográfica. Actividade de conmemoración do corenta aniversario do Cineclub. |
|----------------------------------|---|

### Camiseta do Cineclub

A cargo de Planeta Perverso e Óscar Penín, conmemorativa do 40 aniversario.

## ANEXO 2.

### DOCUMENTO DO PROXECTO «CINE CONCELLO – SALA MUNICIPAL DE AUDIOVISUAIS»<sup>4</sup>


## PROXECTO «CINE CONCELLO»

### Sala Municipal de Audiovisuais

#### PREÁMBULO

Unha das grandes achegas — quizais a maior — á Historia da Arte do século pasado é inegablemente o cinema. Como fenómeno sociolóxico, a súa popularidade é tal que sen dúbida é unha das características da nosa época. Malia isto, é importante dar a coñecer unha serie de obras que por distintas razóns non van chegar ao gran público, así como outras moitas, claves na evolución desta arte, que xa non son accesibles por imperio da súa rendibilidade económica, aspecto este fundamental do cinema. Trátase de filmes de circuitos especlais, dos chamados «de V. O.» (versión orixinal), películas de estrea recente e recuperación de clásicos que non poden ser relegados á pequenez e limitacións da pantalla televisiva (hai quen dixo que ver cinema na televisión é como contentarse en pintura cunha postal en vez de ver o cadro).

Ourense ten en pé unha decidida aposta polo cinema co seu festival, evento que necesita dun público entendido que axude a que esta iniciativa arraigue. Ningún cinema comercial se atrevería en Ourense a incluír na súa programación películas dese «circuíto V. O.», e non existe na cidade ningunha institución que, ao estilo dunha filmoteca, proporcione este tipo de produtos a un público que non por minoritario (desde un punto de vista meramente comercial) é pouco numeroso. Pretender, xa que logo, un cinema estable, dedicado a aquelas obras non comerciais, é un proxecto que ter en conta e, ao noso entender, posible sen un custe excesivo; un proxecto



<sup>4</sup> Presentado en 2003 ao concelleiro de Cultura do Concello de Ourense (Aurelio Gómez Villar) e posteriormente en 2006, con lixeiras variacións, ao delegado provincial de Cultura da Xunta de Galicia, Xosé Carlos Sierra.

que, indefectiblemente, corresponde aos poderes públicos da cidade, especialmente ao Concello.

## UNHA SALA PARA OURENSE

Sen necesidade de construír novas instalacións —e dado que o Teatro Principal non pode acoller unha programación cinematográfica regular e continuada, e que o futuro Auditorio, aínda lonxe de ser rematado, sería un marco excesivamente amplo para moitas actividades cinematográficas—, a sala idónea sería o salón de actos da «Casa da Cultura» da rúa Concello (o edificio da Biblioteca Pública), a cargo da Delegación de Cultura e na actualidade moi abandonado e sen uso específico. Se o Concello de Ourense se fixese cargo da súa xestión, a sala podería reservarse para proxeccións cinematográficas e audiovisuais de todo tipo. As vantaxes son evidentes: é unha sala cómoda (a inclinación do chan é ideal para as proxeccións), céntrica e de aforo axeitado (130 butacas, contando con que o engadido do escenario suprimiu algunhas ringleiras); liberaría o Teatro Principal, agora sobrecargado de todo tipo de actividades alleas ao teatro e actuacións musicais, facendo así que o Festival de Cine, así como os organismos da cidade, dispuxeran de sala propia tanto para as datas do evento coma para outras actividades (audiovisuais escolares, por exemplo); ademais, a súa realización sería inmediata (o proxecto pode funcionar en pouco tempo), e os seus custes, sobre todo comparándoos coas vantaxes e o futuro que tería a sala por diante, son pequenos se se conta co asesoramento axeitado.

PROXECTO  
«CINE CONCELLO»  
Sala Municipal de Audiovisuais

### PRÉAMBULO

Unha das grandes achegas —quizais a maior— é Historia da Arte do século pasado é innegablemente o cinema. Como fenómeno sociolóxico, a súa popularidade é tal que sen dúbida é unha das características da nosa época. Malia isto, é importante dar a coñecer unha serie de obras que por distintas razóns non van chegar ao gran público, así como outras moitas, claves na evolución desta arte, que xa non son accesibles por imperio da súa rendibilidade económica, aspecto este fundamental do cinema. Trátase de filmes de circuitos especiais, dos chamados «de V.O.» (versión orixinal), películas de estreia recente e recuperación de clásicos que non poden ser relegados á pequenez e limitacións da pantalla televisiva (hai quen dixo que ver cinema na televisión é como contentarse en pintura cunha postal en vez de ver o cadro).

Ourense ten en pé unha decidida aposta polo cinema co seu festival, evento que necesita dun público entendido que axude a que esta iniciativa arraigue. Ningún cinema comercial se atrevería en Ourense a incluír na súa programación películas dese «circuito V.O.», e non existe na cidade ningunha institución que, ao estilo dunha filмотeca, proporcione este tipo de produtos a un público que non por minoritario (desde un punto de vista meramente comercial) é pouco numeroso. Pretender, xa que logo, un cinema estable, dedicado a aquelas obras non comerciais, é un proxecto que ten en conta e ao noso entender, posible sen un custe excesivo; un proxecto que, indefectiblemente, corresponde aos poderes públicos da cidade, especialmente ao Concello.

### UNHA SALA PARA OURENSE

Sen necesidade de construír novas instalacións —e dado que o Teatro Principal non pode acoller unha programación cinematográfica regular e continuada, e que o futuro Auditorio, aínda lonxe de ser rematado, sería un marco excesivamente amplo para moitas actividades cinematográficas—, a sala idónea sería o salón de actos da «Casa da Cultura» da rúa Concello (o edificio da Biblioteca Pública), a cargo da Delegación de Cultura e na actualidade moi abandonado e sen uso específico. Se o Concello de Ourense se fixese cargo da súa xestión, a sala podería reservarse para proxeccións cinematográficas e audiovisuais de todo tipo.

As vantaxes son evidentes: é unha sala cómoda (a inclinación do chan é ideal para as proxeccións), céntrica e de aforo axeitado (130 butacas, contando con que o engadido do escenario suprimiu algunhas ringleiras); liberaría o Teatro Principal, agora sobrecargado de todo tipo de actividades alleas ao teatro e actuacións musicais, facendo así que o Festival de Cine, así como os organismos da cidade, dispuxeran de sala propia tanto para as datas do evento coma para outras actividades (audiovisuais escolares, por exemplo); ademais, a súa realización sería inmediata (o proxecto pode funcionar en pouco tempo), e os seus custes, sobre todo comparándoos coas vantaxes e o futuro que tería a sala por diante, son pequenos se se conta co asesoramento axeitado.

## ESTADO ACTUAL DA SALA

O edificio da Biblioteca Pública é propiedade do Ministerio de Cultura, aínda que a súa xestión está cedida á Xunta de Galicia, en concreto ás consellerías de Cultura e de Educación. Durante moito tempo, tamén algún dos pisos do edificio foi xestionado polo Concello de Ourense.

Neste momento, o edificio non recibe investimentos do Ministerio, co argumento de que se está a construír unha nova sede para a Biblioteca Pública no complexo de San Francisco. Como excepción, este pasado ano, visto que o sistema eléctrico estaba nun estado tan perigoso que en calquera momento podía producir un accidente, investíuse diñeiro nunha obra de renovación de dito sistema. Dentro desa política de non-investimento, a parte máis afectada é precisamente o Salón de Actos, que non recibe nin tan sequera o mante-

mento mínimo (limpeza, reparación dos aseos, etc.). Afortunadamente, outra das obras efectuadas nestes últimos anos no edificio foi dotalo de saídas de emerxencia, co que a sala conta tamén cunha saída ao patio interior da mazá polo seu lateral dereito.

O salón ten hoxe as butacas resultantes da ampliación do escenario cunha feble estrutura de madeira nos anos oitenta; foi unha obra provisoria que quedou como definitiva a pesar da escasa estabilidade que proporciona a quen estea sobre ese engadido de madeira. En realidade, a utilidade da sala para obras de teatro é ben pequena, xa que a maior parte do escenario é xustamente este engadido, construído diante do pano: a parte que agacha o pano ten un fondo mínimo, que ademais é irregular. Non parece, xa que logo, moi recomendable o emprego da sala para as representacións teatrais, aínda que algúns grupos de base o sigan a empregar para ensaios e mesmo para pequenas actuacións. Sen o engadido do escenario, a sala podería contar con algunhas ringleiras de butacas máis, aínda que tampouco serían necesarias.

Polo demais, a sucidade e a deixadez, só compensadas co pequeno labor de mantemento que poden realizar os grupos de teatro afeccionado ou o Cineclub, son as que van dominando o salón de actos desde hai anos.

O equipamento de proxección foi instalado, a principios dos anos oitenta, polo Cineclub Padre Feijoo, a quen pertence legalmente. Trátase de dous proxectores OSSA VI (de finais dos anos trinta, aínda que esa foi a tecnoloxía existente en todos os cinemas ata hai ben poucos anos), comprados xa despois de ter pasado por diferentes usos (foron os primeiros proxectores instalados no desaparecido Cine Avenida, e logo

aínda estiveron instalados noutras salas). Empregan, como o facían todos os proxectores ata as últimas décadas do século, cadansúa lámpada de arco voltaico formada por dous pólos de carbono que o operario ten que regular durante toda a proxección. Os proxectores, malia que pareza mentira, aínda funcionan sen problemas; porén, dado que o seu sistema iluminación caeu en desuso, resulta xa practicamente imposible encontrar repostos para os carbonos do arco voltaico: alén diso, a remesa de carbonos coa que se veu funcionando nestas últimas temporadas non é de boa calidade, o que provocou que as fluctuacións lumínicas teñan sido moi notables. Polo demais, a sonorización do local é feita a partir de materiais heteroxéneos e de segunda man. En conclusión, trátase dun equipamento que ficou obsoleto.

[Axúntase un bosquexo da sala, coas súas medidas aproximadas.]

#### ESTADO ACTUAL DA SALA

O edificio da Biblioteca Pública é propiedade do Ministerio de Cultura, aínda que a súa xestión está cedida á Xunta de Galicia, en concreto ás consellerías de Cultura e de Educación. Durante moito tempo, tamén algún dos pisos do edificio foi xestionado polo Concello de Ourense.

Neste momento, o edificio non recibe investimentos do Ministerio, co argumento de que se está a construír unha nova sede para a Biblioteca Pública no complexo de San Francisco. Como excepción, este pasado ano, visto que o sistema eléctrico estaba nun estado tan perigoso que en calquera momento podía producir un accidente, investíuse diferio nunha obra de renovación de dito sistema. Dentro desta política do non-investimento, a parte máis afectada é precisamente o Salón de Actos, que non recibe nin tan segura o mantemento mínimo (limpeza, reparación dos aseos, etc.). Afortunadamente, outra das obras efectuadas nestes últimos anos no edificio foi dotalo de saídas de emerxencia, co que a sala conta tamén cunha saída ao patio interior da mazá polo seu lateral dereito.

O salón ten hoxe as butacas resultantes da ampliación do escenario cunha feble estrutura de madeira nos anos oitenta; foi unha obra provisoria que quedou como definitiva a pesar da escasa estabilidade que proporciona a quen estea sobre ese engadido de madeira. En realidade, a utilidade da sala para obras de teatro é ben pequena, xa que a maior parte do escenario é xustamente este engadido, construído diante do pano, a parte que agacha o pano ten un fondo mínimo, que ademais é irregular. Non parece, xa que logo, moi recomendable o emprego da sala para as representacións teatrais, aínda que algúns grupos de base o sigan a empregar para ensaios e mesmo para pequenas actuacións. Sen o engadido do escenario, a sala podería contar con algunhas ringleiras de butacas máis, aínda que tampouco serían necesarias.

Polo demais, a sucidade e a deixadez, só compensadas co pequeno labor de mantemento que poden realizar os grupos de teatro afeccionado ou o Cineclub: son as que van dominando o salón de actos desde hai anos.


O equipamento de proxección foi instalado, a principios dos anos oitenta, polo Cineclub Padre Feijoo, a quen pertence legalmente. Trátase de dous proxectores OSSA VI (de finais dos anos trinta, aínda que esa foi a tecnoloxía existente en todos os cinemas ata hai ben poucos anos), comprados xa despois de ter pasado por diferentes usos (foron os primeiros proxectores instalados no desaparecido Cine Avenida, e logo aínda estiveron instalados noutras salas). Empregan, como o facían todos os proxectores ata as últimas décadas do século XX, cadansúa lámpada de arco voltaico formada por dous pólos de carbono que o operario ten que regular durante toda a proxección. Os proxectores, malia que pareza mentira, aínda funcionan sen problemas; porén, dado que o seu sistema iluminación caeu en desuso, resulta xa practicamente imposible encontrar repostos para os carbonos do arco voltaico: alén diso, a remesa de carbonos coa que se veu funcionando nestas últimas temporadas non é de boa calidade, o que provocou que as fluctuacións lumínicas teñan sido moi notables. Polo demais, a sonorización do local é feita a partir de materiais heteroxéneos e de segunda man. En conclusión, trátase dun equipamento que ficou obsoleto.

[Axúntase un bosquexo da sala, coas súas medidas aproximadas.]

## REFORMAS MÍNIMAS NECESARIAS

Para poder poñer en funcionamento a sala, serían precisos:

- limpeza, pintura, substitución da decoración lateral (a existente está formada por taboleiros de tea e gomaespuma, co fin de mellorar as condicións acústicas), reparación das butacas en mal estado;
- supresión do engadido ao escenario (con restitución ou non das butacas orixinais);
- nova pantalla de cinema (podería pensarse nunha pantalla maior, se se construíse unha fixa e non colgante como ata agora);
- novo proxector de 35 mm, ou adaptación dun dos existentes para columna de proxección continua e lámpada de xenon; pode adquirirse ademais proxector de vídeo; para outro tipo de proxeccións eventuais (16 mm, diapositivas...), sería doado conseguir aparellos emprastados por outras institucións (Federación de Cineclubes, por exemplo);
- novo equipamento de son, estereofónico (amplificación e sistema de altofalantes na pantalla e na sala), ao que se poida conectar outro proxector, tanto de vídeo como de 16 mm.



## ALGÚNS PASOS QUE PODERÍAN SEGUIRSE

Se o Concello de Ourense estivese interesado neste proxecto, podería seguir algúns destes pasos para pór en funcionamento e rendibilizar axiña a sala de audiovisuais municipal; ningún deles é imprescindible, e apúntanse apenas como posibilidades:

- Asinar un convenio coa Consellería de Cultura para que ceda a xestión da sala;
- Para o financiamento das obras de reparación e o novo equipamento, podería tamén facerse un convenio coa Xunta de Galicia e/ou coa obra cultural dalgunha institución financeira;
- Asinar un convenio co Cineclubes Padre Feijoo, que podería levar a dirección da sala; o Cineclubes, entidade que encarna a afección ao cinema na cidade (e organizadora das sesións cinematográficas nesa sala desde hai máis de dúas décadas), ten sido desde 1970 a maior colaboradora coas institucións á hora de levar a cabo actividades cine-





Atlántico». Ourense podería pasar con Cine Concello a ser unha cidade modélica na atención á cultura cinematográfica, e dar unha base real e popular aos empeños efectuados nos últimos tempos a prol da sétima arte.

## ALGÚNS ORZAMENTOS

De momento, solicitáronse varios presupostos para a nova dotación de equipamento de proxección. Non é un investimento barato, pero debe terse en conta a grande rendibilidade dunha infraestrutura necesaria para a cidade (o equipamento actual leva máis de dúas décadas, pero a historia destes proxectores remóntase a moito máis atrás, como xa se explicou; é dicir, que se trata de materiais pensados para durar).

— Sercine (Salamanca [Delegación en Vigo: Baños Films])

### • Presuposto 1105/2003:

Proxector Christie con lámpada de 2000/3000 W. Sistema de entrega e recollida da película mediante pratos. Obxectivos Sankor para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope. Rack de son con procesador DTS para sinal Dolby Stereo SR. Etapa de potencia CPS homologada por THX de 2 × 450 W. Grupo acústico de 4 altafalantes na pantalla e 10 na sala. Mesa de montaxe, bobinadora e empalmadora. Pantalla de proxección de 3 × 6 m. Transporte e instalación dos equipos.

49.102,13 eur

IVE non incluído (16 %)

### • Presuposto 1106/2003:

Proxector Xenon M105-X2 con lámpada de 1000 W, lectura analóxica Reverse Scanning. Sistema de entrega e recollida da película por columna de longametraxe PL-5000. Obxectivos Sankor para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope. Rack de son con procesador DTS para sinal Dolby Stereo SR. Etapa de potencia CPS homologada por THX de 2 × 450 W. Grupo acústico de 4 altafalantes na pantalla e 10 na sala. Bobinadora, 3 bobinas e empalmadora. Pantalla de proxección de 3 × 6 m. Transporte e instalación dos equipos.

34.711,08 eur

IVE non incluído (16 %)

### • Presuposto 1107/2003:

Adaptación do proxector OSSA VI xa existente co engadido dunha lanterna Xenon de ocasión, e un rectificador de xenon 1000/2000 W de ocasión;

#### ALGÚNS ORZAMENTOS

De momento, solicitáronse varios presupostos para a nova dotación de equipamento de proxección. Non é un investimento barato, pero debe terse en conta que a grande rendibilidade dunha infraestrutura necesaria para a cidade (o equipamento actual leva máis de dúas décadas, pero a historia destes proxectores remóntase a moito máis atrás, como xa se explicou; é dicir, que se trata de materiais pensados para durar).

— Sercine (Salamanca [Delegación en Vigo: Baños Films])

#### • Presuposto 1105/2003:

Proxector Christie con lámpada de 2.000/3.000 W Sistema de entrega e recollida da película mediante pratos. Obxectivos Sankor para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope. Rack de son con procesador DTS para sinal Dolby Stereo SR. Etapa de potencia CPS homologada por THX de 2 × 450 W. Grupo acústico de 4 altafalantes na pantalla e 10 na sala. Mesa de montaxe, bobinadora e empalmadora. Pantalla de proxección de 3 × 6 m. Transporte e instalación dos equipos.

..... 49.102,13 eur

IVE non incluído (16%)

#### • Presuposto 1106/2003:

Proxector Xenon M105-X2 con lámpada de 1.000 W, lectura analóxica Reverse Scanning. Sistema de entrega e recollida da película por columna de longametraxe PL-5000. Obxectivos Sankor para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope. Rack de son con procesador DTS para sinal Dolby Stereo SR. Etapa de potencia CPS homologada por THX de 2 × 450 W. Grupo acústico de 4 altafalantes na pantalla e 10 na sala. Bobinadora, 3 bobinas e empalmadora. Pantalla de proxección de 3 × 6 m. Transporte e instalación dos equipos.

..... 34.711,08 eur

IVE non incluído (16%)

#### • Presuposto 1107/2003:

Adaptación do proxector OSSA VI xa existente co engadido dunha lanterna Xenon de ocasión, e un rectificador de xenon 1.000/2.000 W de ocasión, sistema de entrega e recollida da película por columna de longametraxe de ocasión; lector de son Philips con sistema Reverse Scanning. Obxectivos Sankor para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope. Rack de son con procesador DTS para sinal Dolby Stereo SR. Etapa de potencia CPS homologada por THX de 2 × 450 W. Grupo acústico de 4 altafalantes na pantalla e 10 na sala. Bobinadora, 3 bobinas e empalmadora. Pantalla de proxección de 3 × 6 m. Transporte e instalación dos equipos.

..... 27.758,08 eur

IVE non incluído (16%)

• En calquera dos tres casos, se que quixer instalar a maiores son dixital Dolby SRD (procesador Dolby DA-20 e lector Dolby Digital CAT-702).

..... 10.158,00 eur

IVE non incluído (16%)

— Kelonik (Barcelona [Delegación en Vigo: Audioblat])

sistema de entrega e recollida da película por columna de longametraxe de ocasión; lector de son Philips con sistema Reverse Scanning. Obxectivos Sankor para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope. Rack de son con procesador DTS para sinal Dolby Stereo SR. Etapa de potencia CPS homologada por THX de 2 × 450 W. Grupo acústico de 4 altofalantes na pantalla e 10 na sala. Bobinadora, 3 bobinas e empalmadora. Pantalla de proxección de 3 × 6 m. Transporte e instalación dos equipos.

27.758,08 eur

IVE non incluído (16 %)

• En calquera dos tres casos, se [s]e quixer instalar a maiores son dixital Dolby SRD (procesador Dolby DA-20 e lector Dolby Digital CAT-7021:

10.158,00 eur

IVE non incluído (16 %)

— Kelonik (Barcelona [Delegación en Vigo: Audiolab])

Nova lanterna de vidro catatérmico e nova base de proxección; novo crono, coa incorporación de lector audio reverse scanning. Rectificador para a lámpada de xenon. Torreta de obxectivos e obxectivos para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope con anamórfico Isco Optic. Rack de son con procesador Dolby CP-45 para sinal Dolby Stereo SR, e con etapas de potencia con tecnoloxía bipolar. Grupo acústico de altofalantes na pantalla e na sala. Modelización da sala en 3D e análise dela co programa de simulación acústica EASE 3.0 para a optimización do sistema e emprazamento preciso de altofalantes. Nova pantalla de cinema

55.800,00 eur

IVE non incluído (16 %)

• Se [s]e quixer instalar a maiores son dixital Dolby SRD:

9.800,00 eur

IVE non incluído (16 %)

[Axúntanse os orzamentos detallados]

Farián falta, ademais, orzamentos para pintura e adecentamento xeral da sala, que estimamos que o propio Concello podería xestionar directamente.

Nova lanterna de vidro catatérmico e nova base de proxección; novo crono, coa incorporación de lector audio reverse scanning. Rectificador para a lámpada de xenon. Torreta de obxectivos e obxectivos para formatos 1:1,33, 1:1,85 e scope con anamórfico Isco Optic. Rack de son con procesador Dolby CP-45 para sinal Dolby Stereo SR, e con etapas de potencia con tecnoloxía bipolar. Grupo acústico de altofalantes na pantalla e na sala. Modelización da sala en 3D e análise dela co programa de simulación acústica EASE 3.0 para a optimización do sistema e emprazamento preciso de altofalantes. Nova pantalla de cinema

..... 55.800,00 eur  
IVE non incluído (16%)

\* Se se quixer instalar a maiores son dixital Dolby SRD: ..... 9.800,00 eur  
IVE non incluído (16%)

[Axúntanse os orzamentos detallados]

Farián falta, ademais, orzamentos para pintura e adecentamento xeral da sala, que estimamos que o propio Concello podería xestionar directamente.



## Henrique Torreiro

Ourense, 1972

Licenciado en Historia pola Universidade de Vigo. Profesionalmente, dedícase á tradución técnica e comercial.

Desempeñou entre 2008 e 2020 labores de secretaría técnica na Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI). Entre 2008 e 2012 foi xerente da Federación de Asociacións de Ilustradores Profesionales (FADIP).

Foi socio fundador das empresas ourensás Aira Iniciativas Culturais, SL e Difusora de Letras, Artes e Ideas, SL. En ambas, dedicadas a actividades de tipo cultural, realizou labores de coordinación e desenvolvemento de proxectos e de xestión xeral. No caso da Difusora, principalmente en relación coa edición de libros. Mantén a súa relación coa edición de libros en facetas como a preparación e corrección de textos para diversas editoriais; é membro da asociación profesional de correctores, UniCo.

Tamén traballou, entre 2000 e 2005, no Festival Internacional de Cine de Ourense, como coordinador en tres edicións, e con outras actividades (como a realización do catálogo do festival) nas outras dúas.

Foi organizador das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense desde 1992 ata 2010, e da programación cinematográfica do Cineclub Padre Feijoo (que presidiu entre 2005 e 2011) desde 1995 ata 2011. Foi membro da comisión organizadora da Bial da Caricatura de Ourense (1994-2008) e da xunta directiva da Federación de Cineclubes de Galicia, que presidiu entre 2005 e 2009.

Participante como relator en talleres, grupos de traballo e conferencias sobre banda deseñada e cinema, membro do xurado de concursos de banda deseñada, caricatura e relatos, ten colaborado en radio (Onda Cero Ourense, RadioVoz Ourense, Radio Galega) e prensa escrita en temas culturais; entre 2005 e 2013 escribiu unha columna periódica na web [CulturaGalega.org](http://CulturaGalega.org). É membro da Asociación de Críticos y Divulgadores de Cómic de España (ACDCómic). En 2014 foille concedido o Premio Ourense de Banda Deseñada, «polo seu labor a prol do desenvolvemento do mundo da BD en Galicia».

Como ilustrador e autor de banda deseñada ten colaborado en publicacións como *Frente Comixario*, *Bravú* ou *Animal+I*.



